

**Datos Do Expediente:**

ELABORACIÓN ORZAMENTO MUNICIPAL E BASES DE EXECUCIÓN		
Unidade Tramitadora:		
Contabilidade e Presupostos – PFO		
Número expediente:	Documento:	
 PRE/2025/22	 PRE19I006O	
4P05 2N4Z 0C6J 3S0M 0FVH		
		

BASES DE EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE NARÓN E DO PADROADO DA CULTURA DO EXERCICIO DE 2025

<u>TITULO I - NORMAS XERAIS</u>	6
<u>CAPÍTULO ÚNICO - NATUREZA DAS BASES E AMBITO DE APLICACIÓN</u>	6
<u>BASE 1.^a - NORMAS LEGAIS E REGULAMENTARIAS</u>	6
<u>BASE 2.^a - AMBITO DE APLICACION</u>	6
<u>BASE 3.^a - INTERPRETACIÓN</u>	6
<u>TITULO II - O ORZAMENTO XERAL E AS SUAS MODIFICACIÓNS</u>	7
<u>CAPITULO 1.º - ESTRUCTURA ORZAMENTARIA</u>	7
<u>BASE 4.^a - ESTRUCTURA ORZAMENTARIA DOS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE NARÓN E DO SEU PADROADO DE CULTURA</u>	7
<u>CAPITULO 2.º - OS CREDITOS INICIAIS E A PRÓRROGA DOS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE NARÓN E DO SEU PADROADO DE CULTURA</u>	10
<u>BASE 5.^a - ÁMBITO DOS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE NARÓN E DO SEU PADROADO DE CULTURA XERAL DO CONCELLO</u>	10
<u>BASE 6.^a - PRÓRROGA DOS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE NARÓN E DO SEU PADROADO DE CULTURA XERAL</u>	11
<u>CAPITULO 3.º - RÉXIME XERAL DOS CREDITOS E AS SUAS MODIFICACIONS</u>	11
<u>BASE 7.^a - NORMAS XERAIS</u>	11
<u>BASE 8.^a - NIVEL DE VINCULACION XURIDICA DOS CREDITOS</u>	12
<u>BASE 9.^a - MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO</u>	13
<u>TITULO III - EXECUCION E LIQUIDACION DOS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE NARÓN E DO SEU PADROADO DE CULTURA XERAL</u>	18
<u>CAPÍTULO 1.º - NORMAS XERAIS SOBRE EXECUCION E LIQUIDACION</u>	18
<u>BASE 10.^a – INFORMACIÓN SOBRE A EXECUCIÓN E OS MOVEMENTOS DE TESOURARÍA</u>	18
<u>BASE 11.^a - FASES NA XESTION DO ESTADO DE GASTOS</u>	18
<u>BASE 12.^a - RETENCIÓN DE CRÉDITOS</u>	19

<u>BASE 13.^a - AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN DE GASTOS</u>	19
<u>BASE 14.^a - RECOÑECIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS</u>	21
<u>BASE 15.^a – RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS</u>	24
<u>BASE 16.^a - CESIÓN DE CRÉDITOS</u>	27
<u>BASE 17.^a - ORDENACIÓN FORMAL DOS PAGOS</u>	32
<u>BASE 18.^a – ORDENACIÓN MATERIAL OU REALIZACIÓN DO PAGO</u>	33
<u>BASE 19.^a – FICHA E FICHEIRO DE TERCEIROS OU INTERESADOS</u>	35
<u>BASE 20.^a – PAGO DE PREMIOS</u>	35
<u>BASE 21.^a – TRANSFERENCIAS A FAVOR DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS DEPENDENTES DO CONCELLO E DOUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS</u>	35
<u>BASE 22.^a - ORDES DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR</u>	35
<u>BASE 23.^a - ANTICIPOS DE CAIXA FIXA</u>	37
<u>BASE 24.^a - FUNCÍONS DOS CAIXEIROS-PAGADORES NOS ANTICIPOS DE CAIXA FIXA</u>	39
<u>BASE 25.^a – NORMAS XERAIS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS</u>	40
<u>BASE 26.^a - GASTOS DE CARÁCTER PLURIANUAL</u>	47
<u>CAPITULO 2.º - FUNCION FISCALIZADORA</u>	48
<u>BASE 27.^a - EXERCICIO DA FUNCIÓN FISCALIZADORA</u>	48
<u>CAPITULO 3.º - CONTABILIDADE</u>	71
<u>BASE 28.^a - LIBROS DE CONTABILIDADE AUXILIAR VOLUNTARIOS</u>	71
<u>BASE 29.^a - LIQUIDACIÓN DOS ORZAMENTOS</u>	71
<u>BASE 30.^a - ESTADOS A CONSOLIDAR</u>	71
<u>CAPITULO 4.º - TESOURERÍA MUNICIPAL</u>	71
<u>BASE 31.^a – AUTORIZACIÓN DE CAIXAS DE EFECTIVO</u>	71
<u>BASE 32.^a - TESOURERÍA</u>	72
<u>BASE 33.^a – ACTAS DE ARQUEO</u>	72

<u>BASE 34.^a – PLAN DE DISPOSICIÓN DE FONDOS E PRESUPOSTO DE TESOURERÍA</u>	73
<u>BASE 35.^a - PRINCIPIO DE NON AFECTACIÓN</u>	74
<u>BASE 36.^a - CONTAS DA TESOURERÍA</u>	75
<u>BASE 37.^a - EMBARGOS</u>	75
<u>BASE 38.^a .- PROCEDEMENTOS DE REGULARIZACION OU AXUSTES CONTABLES</u>	76
<u>TITULO IV - GASTOS DE PERSOAL</u>	78
<u>CAPITULO 1.º - NORMAS XERAIS</u>	78
<u>BASE 39.^a - INCREMENTO DE RETRIBUCIÓN DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO</u>	78
<u>BASE 40.^a - NÓMINAS</u>	78
<u>BASE 41.^a - ADIANTOS REINTEGRABLES A FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL</u>	78
<u>CAPITULO 2.º - NORMAS SOBRE PERSOAL FUNCIONARIO</u>	79
<u>BASE 42.^a - PERSOAL FUNCIONARIO</u>	79
<u>CAPITULO 3.º - NORMAS SOBRE PERSOAL LABORAL</u>	80
<u>BASE 43.^a - PERSOAL LABORAL</u>	80
<u>CAPITULO 4.º - NORMAS SOBRE PERSOAL EVENTUAL, CONTRATADO E INTERINO</u>	80
<u>BASE 44.^a - PERSOAL EVENTUAL, CONTRATADO E INTERINO</u>	81
<u>CAPITULO 5.º - RETRIBUCIONS E INDEMNIZACIONES DOS MEMBROS DA CORPORACION</u>	81
<u>BASE 45.^a - RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN</u>	81
<u>BASE 46.^a - RÉXIME DA SEGURIDADE SOCIAL DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN CON ADICACIÓN EXCLUSIVA</u>	85
<u>TITULO V - SUBVENCIONS</u>	86

<u>CAPITULO 1.º - PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS E SUBVENCIONS</u>	86
<u>BASE 47.^a - AXUDAS E SUBVENCÍONS PÚBLICAS</u>	86
<u>BASE 48.^a - SUBVENCÍONS NOMINATIVAS</u>	87
<u>BASE 49.^a – OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS</u>	95
<u>BASE 50.^a – SUBVENCÍONS DE CARÁCTER EXCEPCIONAL</u>	95
<u>BASE 51.^a - DEREITO SUPLETORIO</u>	97
 <u>CAPITULO 2.º - SUBVENCÍONS DE OUTRAS INSTITUCÍONS EN FAVOR DO CONCELLO</u>	97
<u>BASE 52.^a – TRAMITACIÓN, ACEPTACIÓN E XUSTIFICACIÓN</u>	97
 <u>TITULO VI - OUTRAS NORMAS DE XESTIÓN</u>	99
 <u>CAPITULO ÚNICO-NORMAS DIVERSAS DE XESTION DOS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE NARÓN E DO SEU PADROADO DE CULTURA</u>	99
<u>BASE 53.^a - SALDOS DE DUBIDOSO COBRO</u>	99
<u>BASE 54.^a - MÉTODO CÁLCULO DA AMORTIZACIÓN DO INMOVILIZADO MATERIAL</u>	99
<u>BASE 55.^a - CONTROL DE FACTURAS E DOCUMENTOS COBRATORIOS DUPLICADOS</u>	99
<u>BASE 56.^a- ENAXENACIÓN DE EFECTOS DECLARADOS INÚTILES OU RESIDUOS</u>	99
<u>BASE 57.^a - INGRESOS RECADADOS EN CONCEPTO DE PAGO POLOS SERVIZOS SOCIAIS</u>	99
<u>BASE 58.^a - APLICACIÓN DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA</u>	100
<u>BASE 59.^a – CONTRATOS ARTÍSTICOS</u>	101



TITULO I - NORMAS XERAIS

CAPÍTULO ÚNICO - NATUREZA DAS BASES E AMBITO DE APLICACIÓN

BASE 1.^a - NORMAS LEGAIS E REGULAMENTARIAS

A aprobación, execución e liquidación orzamento xeral, así como o desenvolvemento da xestión económica xeral e a fiscalización da mesma, levarase a cabo mediante o cumprimento das normas legais, regulamentarias e demais disposicións de carácter xeral e de obrigado cumprimento, que regulan a actividade económica das corporacións locais, e polas presentes bases de execución dos Orzamentos do Concello de Narón e do seu Padroado de Cultura, redactadas de conformidade có previsto na normativa local vixente.

BASE 2.^a - AMBITO DE APLICACION

De conformidade co establecido no artigo 9.1 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, estas bases só estarán en vigor durante a vixencia dos Orzamentos do Concello de Narón e do seu Padroado de Cultura xeral do exercicio de 2025 e no seu caso, durante a prórroga do mesmo. Serán de aplicación para os orzamentos integrados no xeral deste Concello que comprende o da propia entidade e os seus organismos autónomos. As entidades públicas empresariais e sociedades mercantís participadas total ou maioritaria pola Corporación, estarán sometidas ao réxime do Plan Xeral de Contabilidade vixente para as empresas ou ás súas adaptacións sectoriais, sen prexuízo das disposicións que lle sexan de aplicación na súa condición de empresa participada por unha administración pública.

BASE 3.^a - INTERPRETACIÓN

As dúbidas que poidan xurdir na aplicación destas bases serán resoltas pola Alcaldía, previo informe da Secretaría ou Intervención, segundo proceda.

TITULO II - O ORZAMENTO XERAL E AS SUAS MODIFICACIÓNS

CAPITULO 1.º - ESTRUCTURA ORZAMENTARIA

BASE 4.ª - ESTRUCTURA ORZAMENTARIA DOS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE NARÓN E DO SEU PADROADO DE CULTURA.

A configuración dos Orzamentos do Concello de Narón e do seu Padroado de Cultura axústase ao establecido na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo.

1. As previsións incluídas nos estados de ingresos dos Orzamentos do Concello de Narón clasificaranse separando as operacións correntes, as de capital e as financeiras, consonte coa estrutura económica que por capítulos, artigos, conceptos e subconceptos se detalla no anexo IV da devandita Orde.

A estrutura por conceptos e subconceptos é aberta, polo que poderán crearse os que se consideren necesarios cando non figuren na mesma, respectando sempre a estrutura e a orde de prelación establecido.

2. Os créditos incluídos no estado de gastos dos Orzamentos do Concello de Narón e do seu Padroado de Cultura se clasificarán de conformidade cos seguintes criterios:

- a) Por programas.
- b) Por categorías económicas

Clasificación por programas.

1. Os créditos ordenaranse segundo a súa finalidade e os obxectivos que con eles se propoña conseguir, co arranxo á clasificación por áreas de gasto, políticas de gasto, grupos de programas e os programas que se detallan no anexo I da Orde EHA/3565/2008.

2. Con carácter xeral, o detalle dos créditos presentarase no nivel de programas de gasto.

3. A estrutura que se especifica no anexo I da Orden EHA/3565/2008 débese considerar pechada e obrigatoria. Non obstante, será aberta a partir do nivel de programas, polo que poderán crearse aqueles que resultan axeitados as necesidades do Concello de Narón e do seu Padroado de Cultura sempre que se respecte a estrutura e a orde de prelación establecida na devandita Orde.

4. Consonte co indicado no parágrafo anterior, a estrutura dos programas de gasto desenvólvese nos programas que se consideran axeitados as necesidades e disponibilidades deste Concello e do seu Padroado de Cultura.

Facultase á Alcaldía para a modificación ou aclaración, a proposta da Intervención Xeral, do detalle da clasificación inicial por programas que de seguido se inclúe.

CLASIFICACIÓN	PROGRAMAS
0110	DÉBEDA PÚBLICA
1320	POLICÍA LOCAL
1330	TRÁFICO
1350	PROTECCIÓN CIVIL
1360	BOMBEIROS
1510	URBANISMO
1532	PAVIMENTACIÓN VÍAS PÚBLICAS
1600	SANEAMENTO
1621	RECOLLIDA DE RESIDUOS
1623	TRATAMENTO DE RESIDUOS
1630	LIMPEZA VIARIA
1650	ALUMEADO
1700	MEDIO AMBIENTE
1710	PARQUES E XARDÍNS
1720	PROTECCIÓN E MELLORA M. AMBIENTE
2110	PENSIÓNS
2210	OUTRAS PRESTACIÓNS
2310	SERVICIO SOCIOCOMUNITARIO
2311	IGUALDADE
2312	ACCIÓN SOCIAL
2313	PROMOCIÓN SOCIAL
2314	MAIORES E DEPENDENTES
2410	PROMOCIÓN EMPREGO
3110	SANIDADE
3230	ENSINO
3260	SERVIZOS COMPLEMENTARIOS EDUCACIÓN
3261	PROMOCIÓN EDUCATIVA
3321	BIBLIOTECAS PÚBLICAS

CLASIFICACIÓN	PROGRAMAS
3330	PAZO DA CULTURA
3331	MUSEOS
3340	CULTURA
3341	TEMPO LIBRE MOCIDADE
3342	TEMPO LIBRE MAIORES
3370	TEMPO LIBRE INSTALACIÓNS
3380	FESTAS
3410	PROMOCIÓN DO DEPORTE
3420	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS
4200	ADMIN. XERAL DE INDUSTRIA E ENERXÍA
4250	ENERXÍA
4311	FEIRAS
4320	TURISMO
4330	PROMOCIÓN ECONOMICA
4411	TRANSPORTE COLECTIVO
4412	OUTRO TRANSPORTE
4530	ESTRADAS
4590	OBRAS E SERVIZOS
4910	SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
9120	ÓRGANOS DE GOBERNO
9200	SERVIZOS XERAIS
9201	INFORMÁTICA
9202	XULGADO DE PAZ
9231	XESTIÓN PADRÓN MUNICIPAL HABITANTES
9240	PARTICIPACIÓN CIDADÁ
9299	AXUDA AO EXTERIOR
9310	ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA
9320	XESTIÓN TRIBUTARIA
9330	XESTIÓN PATRIMONIO
9340	XESTIÓN FINANCEIRA
9410	TRANSFERENCIAS ORGANISMOS XUNTA GALICIA
9430	TRANSFERENCIAS MANCOMUNIDADE FERROLTERRA

Clasificación económica.

1. A clasificación económica do gasto agrupará os créditos por capítulos, diferenciando as operacións Non Financeiras (capítulos 1 a 7) das Financeiras (capítulos 8 e 9), subdividíndose as primeiras entre Operacións Correntes (Capítulos 1 a 5) e de Capital (capítulo 6 e 7).
2. Atendendo a súa natureza económica, os capítulos desenvolveranse en artigos e estes, a súa vez, en conceptos, que se subdividirán en subconceptos, e estes poderán desenvolverse en partidas.
3. Os créditos cualificaranse consonte á estrutura que, por capítulos, artigos, conceptos e subconceptos, detállase no anexo III da Orde EHA/3565/2008.
4. No que atinxe aos conceptos e subconceptos, a devandita estrutura é aberta, por lo que poderán crearse os que se consideren necesarios sempre que se respecte a estrutura e a orde de prelación establecida na devandita Orde. En relación ás partidas, a estrutura é totalmente aberta.

Aplicación orzamentaria.

1. A aplicación orzamentaria, que ten como expresión cifrada o crédito orzamentario, ven definida pola agregación das clasificacións por programas e económica.
2. O rexistro contable dos créditos, das súas modificacións, e das operacións de execución do gasto realizarase sobre a aplicación orzamentaria antes definida.

CAPITULO 2.º - OS CREDITOS INICIAIS E A PRÓRROGA DOS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE NARÓN E DO SEU PADROADO DE CULTURA

BASE 5.ª - ÁMBITO DOS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE NARÓN E DO SEU PADROADO DE CULTURA XERAL DO CONCELLO

1. O Orzamento Xeral do Concello está integrado polo Orzamento do Concello e o Orzamento do Padroado de Cultura.
2. O expediente formado para a tramitación do Orzamento Xeral conterá ademais a seguinte documentación:
 - Estado de consolidación dos Orzamentos do Concello de Narón e do seu Padroado de Cultura.
 - As presentes bases de execución.



- Anexo de investimentos
- Anexo de persoal
- Estado da débeda
- Programas anuais de actuación, investimento e financiamento da Sociedade mercantil COSMA, S.A., participada maioritariamente polo Concello de Narón, así como os estados de previsións de Gastos e Ingresos para o exercicio seguinte. Esta Sociedade tamén deberá remitir, na data na que lle sexa requirida, a súa conta anual, formada segundo o Plan Xeral de Contabilidade da empresa española (Regras 99 y 101 da Instrución del modelo Normal de Contabilidade Local), para acompañar a Conta Xeral do Concello.

BASE 6.^a - PRÓRROGA DOS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE NARÓN E DO SEU PADROADO DE CULTURA XERAL

Se ao inicio do exercicio económico non entraran en vigor os orzamentos correspondentes, consideraranse automaticamente prorrogados os do exercicio anterior ata o límite dos seus créditos iniciais.

A prórroga non afectará aos créditos para gastos correspondentes a servizos ou proxectos de investimento que deban concluír no exercicio anterior ou estean financiados con operacións crediticias ou outros ingresos específicos ou afectados que exclusivamente foran a percibirse no devandito exercicio.

A determinación das correspondentes partidas dos orzamentos que non son susceptibles de prórroga, por estar comprendidas nalgún dos supostos do parágrafo anterior, será establecida mediante resolución motivada da Alcaldía, previo informe da Intervención Xeral. Igualmente, poderanse acumular na correspondente proposta acordos sobre a incorporación de remanentes na forma prevista nos artigos 47 e 48 do Real Decreto 500/1990.

Delégase no Alcaldía ou órgano con competencia delegada a declaración de créditos non dispoñibles coa exclusiva finalidade de axustar os créditos iniciais dos orzamentos prorrogados ás previsións contempladas nos proxectos de orzamentos pendentes de aprobación.

Mentres dure a vixencia desta prórroga poderanse aprobar as modificacións orzamentarias previstas pola lei.

Aprobados os orzamentos, deberán efectuarse os axustes necesarios para dar cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia dos orzamentos prorrogados.

CAPITULO 3.º - RÉXIME XERAL DOS CREDITOS E AS SUAS MODIFICACIONES

BASE 7.^a - NORMAS XERAIS

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a que sexan autorizados nos orzamentos do Concello ou nas súas modificacións debidamente aprobadas.

Os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante, non podendo adquirirse compromisos de gastos en contía superior ao importe dos mesmos coa consecuencia da nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada limitación, todo elo de conformidade co disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 25.2 do Decreto 500/1990.

O cumprimento das limitacións expresadas no parágrafo anterior deberá verificarse ao nivel de vinculación xurídica que se sinala na seguinte Base.

Con cargo aos créditos do estado de gastos de cada orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. No entanto, aplicaranse aos créditos dos Orzamentos do Concello de Narón e do seu Padroado de Cultura vixente, no intre do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

- a) As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ao orzamento xeral do Concello.
- b) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores. No suposto previsto no artigo 47.5 do Real decreto 500/1990 requirirase a previa incorporación dos remanentes de créditos correspondentes.
- c) As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 relativas ao recoñecemento extraxudicial de créditos.

BASE 8.^a - NIVEL DE VINCULACION XURIDICA DOS CREDITOS

1. Orzamento do Concello

a) O nivel de vinculación xurídica terá con carácter xeral, o seguinte detalle:

- Clasificación por programas: **política de gasto** (2 díxitos).
- Clasificación económica: **artigo** (2 díxitos).

b) Os créditos dos capítulos 1, 3, 4, 5 e 9 vincularán, respecto da clasificación por programas, a nivel de área de gasto (1 dígito), e respecto da clasificación económica, a nivel de capítulo (1 dígito), excepto o artigo 15 (Incentivos ao rendemento) que vincularán a nivel de área de gasto (1 dígito) respecto da clasificación por programas e a nivel de subconcepto (5 díxitos) na clasificación económica.

c) Os créditos do capítulo 6 do estado de gastos vincularán a nivel de aplicación orzamentaria, con excepción dos proxectos con financiamento afectado que vincularán cuantitativa e cualitativamente.

d) O capítulo 2 da Política de Gasto 13 (Seguridade e mobilidade cidadá) vinculará, respecto da clasificación por programas, a nivel de Grupo de Programas (3 díxitos), e respecto da clasificación económica, a nivel de artigo (2 díxitos).

2. Orzamentos do Padroado de Cultura

a) Nos orzamentos dos organismos autónomos municipais o nivel de vinculación xurídica concretarase nos seguintes termos:

- Clasificación por programas: **política de gasto** (2 díxitos).
- Clasificación económica: **artigo** (2 díxitos).

b) Os créditos dos capítulos 1 vincularán, respecto da clasificación por programas, a nivel de área de gasto (1 díxito), e respecto da clasificación económica, a nivel de capítulo (1 díxito).

c) Os créditos do capítulo 6 do estado de gastos vincularán a nivel de aplicación orzamentaria, con excepción dos proxectos con financiamento afectado que vincularán cuantitativa e cualitativamente.

BASE 9.^a - MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO

A) TIPOS DE MODIFICACIÓNS

As modificacións orzamentarias están reguladas polo Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e polos artigos 34 a 51 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.

As modificacións que se poden realizar nos Orzamentos do Concello e dos seus Organismos Autónomos son as seguintes:

1. Créditos extraordinarios
2. Suplementos de crédito
3. Ampliacións de crédito
4. Transferencias de crédito
5. Xeración de créditos
6. Incorporación de remanentes de crédito
7. Baixas por anulación

B) ÓRGANOS COMPETENTES PARA A SÚA APROBACIÓN

Créditos extraordinarios e suplementos de crédito

A aprobación dos expedientes de crédito extraordinario e suplementos de crédito, corresponde, previo informe da Intervención Xeral, ao Concello Pleno.

Ampliacións de créditos

Declárase ampliable no Orzamento do Padroado de Cultura o crédito destinado a facer fronte aos gastos xerados pola realización de espectáculos sometidos ao convenio co Ministerio de Cultura (Platea) e de aqueles nos que as compañías conveñan co padroado de Cultura en actuar por unha porcentaxe da recadación do despacho de billetes (aluguer do Pazo).

FUNC.	ECON.	DESCRICIÓN	IMPORTE
3340	22610	Espectáculos conveniados por entrada	13.000,00

Para a ampliación dos devanditos créditos só se esixirá a materialización efectiva de ingresos no subconcepto 32901 do Orzamento de Ingresos do Padroado de Cultura.

Transferencias

A aprobación dos expedientes de transferencias de crédito, previo informe da Intervención Xeral, corresponde:

1. Ao Concello Pleno cando se trate de transferencias de crédito entre distintas áreas de gasto, agás as referidas a créditos para gastos de persoal.
2. Á Alcaldía Presidencia ou órgano con competencia delegada:
 - Transferencias entre créditos para gastos de persoal.
 - Transferencias entre créditos da mesma area de gasto.

As transferencias de crédito poden supoñer a creación de novas aplicacións orzamentarias cando previamente exista unha bolsa de vinculación na que se integra a aplicación.

Xeración de créditos

A aprobación dos expedientes de xeración de créditos corresponde, previo informe da Intervención Xeral, á Alcaldía Presidencia ou órgano con competencia delegada.

Incorporación de remanentes

A aprobación dos expedientes de incorporación de remanentes corresponde, previo informe da Intervención Xeral, á Alcaldía Presidencia ou órgano con competencia delegada.

Baixas por anulación

Corresponde ao Concello Pleno a aprobación das baixas por anulación previa proposta da Delegación de Facenda.

C) TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN

A tramitación dos expedientes de modificación de créditos seguirá o procedemento establecido nos artigos 34 a 51 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.

A iniciación dun expediente de modificación de créditos requirirá da emisión previa dun informe polas unidades administrativas que teñan ao seu cargo a xestión dos créditos afectados, que será remitido á Intervención Xeral. Unha vez reunida a preceptiva información e formuladas as observacións que considere oportunas, a Intervención instará á Alcaldía para que ordene, si procede, a iniciación do expediente.

O informe das unidades administrativas deberá incluír, cando menos, a seguinte información relativa aos créditos a consignar:

- Con carácter xeral:
 - Xustificación da necesidade ou urxencia da modificación con indicación:
 - Do carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.
 - No seu caso, do acordo ou disposición que fan necesaria a modificación.
- Para os convenios ou subvencións nominativas (Capítulos 4 e 7):
 - Que existen circunstancias de carácter excepcional, razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou calquera outra causa debidamente xustificada que impida ou dificulte a súa convocatoria pública.
- Dispoñibilidade de fondos para financiamento:

- Transferencias:
 - Xustificación da redución ou supresión da consignación de crédito das partidas que xerarán financiamento (dende as que se poden transferir fondos).
 - Indicación expresa de que non se producirá prexuízo nin limitación algunha para a realización de todas as atencións previstas no exercicio corrente nas partidas orzamentarias afectadas pola redución.
- Xeración de crédito:
 - Copia do convenio subscrito ou resolución do outorgamento da subvención.

D) PROCEDEMENTOS ESPECÍFICOS

Incorporación de Remanentes de crédito

A Intervención Xeral remitirá aos centros xestores de gastos antes do 31 de decembro a relación dos créditos autorizados (fase A) e dos comprometidos (fase D) que, nun prazo máximo de 5 días hábiles dende a súa recepción, deberán informar sobre os créditos que consideran necesario incorporar aos Orzamentos do seguinte exercicio e os que deban darse de baixa. Consonte coa normativa vixente poderán incorporarse:

1. Os resultantes da liquidación de gastos de persoal.
2. Os compromisos de gasto debidamente contraídos (fase D) e, en ningún caso, os créditos recoñecidos (RC) ou os gastos en fase de autorización (A).
3. Os créditos extraordinarios, suplementos de créditos e transferencias de crédito concedidos ou autorizados no derradeiro trimestre do exercicio.
4. Os créditos correspondentes a operacións de capital (investimentos).

Poderán aplicarse aos créditos do orzamento do novo exercicio as obrigas dos grupos 1) e 2), coa excepción dos compromisos de gasto correspondentes a proxectos financiados con ingresos afectados, sempre que se xustifique no informe de xeito fidedigno que a aplicación non prexudicará nin limitará a realización das actuacións previstas para o exercicio. En caso contrario e para o resto dos supostos, deberá procederse á previa incorporación dos remanentes de crédito correspondentes, para o que é imprescindible que existan recursos para o seu financiamento (remanente líquido de tesouraría, ou novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no orzamento corrente, coas limitacións sobre o seu uso establecidas na lexislación en materia de estabilidade orzamentaria). Exceptúanse desta

regra, os remanentes de crédito que amparen proxectos financiados con ingresos afectados que, salvo desistimento, deberán incorporarse obrigatoriamente.

Os créditos para gastos só poderán incorporarse unha soa vez e durante un único exercicio. Polo tanto, coa única excepción dos que dispoñan de financiamento afectado, necesariamente terán que corresponder a créditos dotados inicialmente no exercicio a pechar.

As operacións pendentes das unidades administrativas que non emitan o devandito informe daranse de baixa na súa totalidade a 31 de decembro. Do mesmo xeito, daranse de baixa os créditos non incluídos no informe e todos aqueles dos que non se faga solicitude expresa de incorporación. Todo elo, sen prexuízo dos remanentes de incorporación obrigatoria, segundo a documentación obrante na Intervención Xeral, que se incorporarán de oficio de conformidade co previsto na lexislación vixente.

Xeración de créditos

Para a iniciación dun expediente de modificación de créditos por xeración financiado con subvencións ou transferencias correntes ou de capital de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, o departamento xestor deberá remitir á Intervención Xeral un informe con indicación dos datos básicos da concesión, o plan de financiamento vinculado á operación, incluíndo os recursos propios a aportar e a súa procedencia cando a achega por subvención ou transferencia non acade o 100% do gasto previsto, e as aplicacións dos Orzamentos de Gastos do Concello de Narón ou do Padroado de Cultura que se verán incrementadas co ingreso xerado. Deberá vir acompañado de copia do compromiso ou acordo de concesión.

Así mesmo, deberán comunicar de xeito inmediato aos Servizos Económicos, calquera variación nas condicións da subvención ou transferencia ou na execución do gasto vinculado. De non se indicar outra cousa, ao finalizar o exercicio orzamentario, os créditos vinculados a un ingreso que non acadaran a fase de compromiso (D), causarán baixa tanto no orzamento de gastos como no orzamento de ingresos, entendéndose que se renuncia á execución e á subvención ou transferencia.

Transferencias de crédito

O Informe solicitude do departamento ou departamentos interesados na modificación de créditos por transferencias deberán ter en conta que ás mesmas están suxeitas ás seguintes limitacións:

- a) Non afectarán aos créditos ampliáveis nin aos extraordinarios concedidos durante o exercicio.
- b) Non poderán minorarse, mediante transferencia, os créditos previamente incrementados con suplementos ou transferencias, salvo cando afecten a créditos de persoal, nin os



créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de orzamentos pechados.

- c) Non se incrementarán créditos minorados como consecuencia de transferencias previas, salvo cando afecten a créditos de persoal.

As anteriores limitacións non afectarán ás transferencias de crédito referidas a programas de imprevistos e funcións non clasificadas, nin serán de aplicación cando se trate de transferencias motivadas por reorganizacións administrativas aprobadas polo Pleno da Corporación.

TÍTULO III - EXECUCION E LIQUIDACION DOS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE NARÓN E DO SEU PADROADO DE CULTURA XERAL

CAPÍTULO 1.º - NORMAS XERAIS SOBRE EXECUCION E LIQUIDACION

BASE 10.ª – INFORMACIÓN SOBRE A EXECUCIÓN E OS MOVEMENTOS DE TESOURARÍA

A Intervención Xeral remitirá ao Concello Pleno información relativa á execución dos orzamentos e do estado e a evolución dos movementos de Tesouraría por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación cunha periodicidade trimestral.

BASE 11.ª - FASES NA XESTION DO ESTADO DE GASTOS

1. A xestión dos créditos incluídos nos estados de gastos dos orzamentos que integran o xeral do Concello realizarase nas seguintes fases:

- a) Autorización do gasto.
- b) Disposición ou compromiso do gasto.
- c) Recoñecemento e liquidación da obriga.
- d) Ordenación do pagamento.

As devanditas fases terán o carácter e contido definido nos artigos 54 a 61 do Real Decreto 500/1990.

No supostos estipulados no art. 120 e nos arts. 116 e 242, en relación coa emisión de certificado de existencia de crédito, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), cando así se estableza nestas Bases e, con carácter xeral, cando se estime conveniente en aplicación do principio de prudencia, procederase, con carácter previo á iniciación do procedemento de realización dun gasto, a retención do crédito correspondente.

2. De conformidade co disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e nos artigos 67 e 68 do Real Decreto 500/1990, poderanse acumular varias fases da xestión do gasto nun so acto administrativo excepto cando se trate de gastos relativos a operacións de capital.

Poderanse presentar, por tanto, as seguintes fases:

- Retención do crédito, que constituirá, en todo caso, un acto independente (RC)
- Autorización - Disposición (AD)
- Autorización - Disposición - Recoñecemento da obriga (ADO)

O acto administrativo que acumule dúas ou máis fases producirá os mesmos efectos que se as mesmas se acordaran en actos administrativos separados. En calquera caso, o órgano ou autoridade que adopte o acordo deberá ter competencia orixinaria, delegada ou desconcentrada, para acordar todas e cada unha das fases incluídas no mesmo.

BASE 12.^a - RETENCIÓN DE CRÉDITOS

Dentro do importe dos créditos autorizados no Orzamento Xeral do Concello corresponderá á Intervención Xeral ou á Intervención delegada, segundo a súa respectiva competencia, a retención de créditos en base ás propostas de gasto ou de modificacións de crédito que efectúen os distintos servizos.

Deberá ser solicitada polo responsable do centro xestor do gasto e confirmada pola Intervención mediante a emisión do documento contable correspondente. A solicitude poderá ser substituída polo rexistro electrónico da operación, que será validado polo servizo de contabilidade. O gasto concreto que se pretende realizar deberá describirse de xeito pormenorizado. En ningún caso poderán realizarse retencións de crédito globais ou xenéricas.

BASE 13.^a - AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN DE GASTOS

A autorización e disposición de gastos con cargo aos créditos do estado de gastos dos Orzamentos do Concello de Narón e do seu Padroado de Cultura corresponderá aos seguintes órganos:

Ao **Pleno da Corporación**, agás os supostos de delegación no Alcalde ou na Xunta de Goberno Local:

1. A concertación en cada exercicio económico de operacións de crédito cunha contía acumulada que exceda do 10 % dos recursos ordinarios dos Orzamentos do Concello de Narón e do seu Padroado de Cultura, agás as de Tesourería, que lle corresponderan cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 % dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior.
2. Os contratos de obras, de subministros, de servizos, as concesións de obras e de servizos, e os contratos administrativos especiais que superen o 10 % dos recursos ordinarios dos Orzamentos do Concello de Narón e do seu Padroado de Cultura e, de calquera xeito os seis millóns de euros, así como os plurianuais cando a súa duración

sexa superior a 4 anos e os plurianuais de menor duración, eventuais prórrogas engadidas, cando o importe acumulado de todas as súas anualidades superen a devandita porcentaxe, referida aos recursos ordinario dos Orzamentos do Concello de Narón e do seu Padroado de Cultura do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior a contía sinalada neste parágrafo.

3. A aprobación dos proxecto de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e cando aínda non estean previstos nos Orzamentos.
4. A celebración de contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da corporación e as adquisicións de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación supere o 10 % dos recursos ordinarios dos Orzamentos do Concello de Narón e do seu Padroado de Cultura e, en todo caso, cando sexa superior a tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio cando o seu valor supere a porcentaxe e a contía indicados. Tamén lle corresponde o alleamento de bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.
5. A disposición de gastos en materia da súa competencia.
6. O recoñecemento extraxudicial de créditos sempre que non exista consignación Orzamentaria.
7. As que requiran para a súa aprobación maioría especial e as demais que lle confiran as Leis.

A **Alcaldía do Concello**, ademais das delegacións que teña expresamente concedidas:

1. Gastos de persoal con arranxo ás normas que regulen os mesmos.
2. A celebración de contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da corporación e as adquisicións de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación non supere o 10 % dos recursos ordinarios dos Orzamentos do Concello de Narón e do seu Padroado de Cultura e, en todo caso, cando non sexa superior a tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio cando o seu valor non supere a porcentaxe e a contía indicados.
3. Xuros, amortizacións, comisións e outros gastos financeiros derivados da débeda municipal.
4. Subvencións, previo cumprimento das normas que regulan a súa concesión e en concreto as relativas a publicidade, concorrência e determinación de criterios obxectivos para a súa concesión.
5. Os contratos de obras, de subministros, de servizos, as concesións de obras e de servizos, e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 % dos recursos ordinarios dos Orzamentos do Concello de Narón e do seu Padroado de Cultura nin de calquera xeito os seis millóns de euros, así como os

plurianuais cando a súa duración non sexa superior a 4 anos e os plurianuais de menor duración, eventuais prórrogas engadidas, cando o importe acumulado de todas as súas anualidades non superen a devandita porcentaxe, referida aos recursos ordinario dos Orzamentos do Concello de Narón e do seu Padroado de Cultura do primeiro exercicio e, en todo caso, cando non sexa superior a contía sinalada neste parágrafo.

6. Apertura e cancelación de operacións de Tesourería.
7. Aqueles outros gastos derivados do exercicio da súa competencia.
8. Os documentos contables relativos á autorización e disposición de gastos de competencia do Alcalde do Concello entenderanse debidamente acreditados mediante a indicación naqueles do número da resolución aprobatoria da execución do gasto e copia adxunta da mesma. En aqueles supostos nos que a autorización ou disposición de gastos sexa competencia do Pleno achegarse aos documentos contables unha certificación do acordo plenario expedida pola Secretaría Xeral. Idéntica acreditación requirirase no caso dos organismos autónomos respecto dos acordos de autorización ou disposición de gastos de súa competencia.

Consello de goberno ou xerencia dos organismos autónomos:

A autorización e disposición de gastos que afecten aos créditos dos orzamentos dos organismos autónomos corresponderá aos órganos das devanditas entidades de acordo coa atribución de competencias establecida nos seus respectivos estatutos ou regulamentos.

A disposición de gastos financiados con ingresos afectados estará condicionada ao previo recoñecemento e liquidación dos mesmos, salvo naqueles casos en que a acreditación do gasto sexa requisito necesario para a obtención do ingreso finalista.

Unha vez formalizada a disposición, o centro xestor do gasto deberá comunicar ao adxudicatario a identificación da oficina contable, do órgano xestor e da unidade tramitadora para que, consonte co establecido na Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, as faga constar na factura. En calquera caso, as devanditas identificacións sempre deberán figurar nas resolucións ou propostas de gasto polas que se dispoña da utilización de crédito do Orzamento de Gastos.

A relación actualizada de oficinas contables, órganos xestores e unidades tramitadoras do Concello de Narón é a que figura na páxina web <https://ayuntamientonaron.face.gob.es/#/es/directorio/relaciones>.

BASE 14.^a - RECOÑECIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS

1. O recoñecemento das obrigas, unha vez adoptado o compromiso de gasto, corresponderá á alcaldía do Concello e, nos organismos autónomos, ao órgano ao que os correspondentes estatutos atribúan tal competencia.

2. A aprobación do recoñecemento de obrigas derivadas de dietas e desprazamentos do persoal e concelleiros de mais de un día de duración requirirá de resolución da Alcaldía autorizando o desprazamento especificando o destino e importe máximo do gasto.

A xustificación farase mediante informe do Xefe do Servizo, no caso de persoal, ou fotocopia do certificado de asistencia si se trata dun curso.

En relación as normas de xestión que afectan a formación dos empregados públicos do Concello de Narón e o Padroado de Cultura, se estará ao que establece a normativa vixente e a instrución do Concelleiro delegado de Persoal de 22 de setembro de 2021, respecto da formación do persoal municipal (PER15I2JU) ou norma que a substitúa ou modifique.

3. Previamente ao recoñecemento e liquidación das obrigas, o xefe do servizo ou establecemento municipal ou o funcionario responsable do centro de gasto correspondente deberá, co visto e prace do concelleiro responsable da unidade orgánica, prestar a conformidade á factura ou documento representativo do cargo.

No caso de documentos en soporte en papel, practicarase sobre os mesmos unha dilixencia coa a seguinte lenda:

"Dilixencia: Prestados os servizos, realizadas as obras ou verificadas as subministracións detallados na presente factura, e conforme coas cantidades e prezos."

Data

O Funcionario responsable

Visto e prace:

(Sinatura)

O Concelleiro Delegado

D. / D.^a

(Sinatura)

D. / D.^a

A prestación de conformidade a unha facturas representa:

- Que o servizo prestado, os bens entregados ou as obras realizadas e que os prezos unitarios aplicados e os totais acumulados axústanse aos contratados.
- Que as operacións aritméticas incluídas na factura son correctas.

En caso de non conformidade deberán indicarse no sistema electrónico previsto ou en informe elaborado ao efecto os motivos do rexeitamento

Este procedemento de comprobación obrigatoria deberá realizarse para tódolos gastos ou investimentos non xustificadas documentalmente mediante certificación de obras, servizos ou subministracións.

Cando a comprobación do gasto ou investimento precise de coñecementos técnicos especializados, efectuarase mediante certificación expedida polo técnico municipal correspondente. Tales certificacións, ademais do valor atribuído ao procedemento anterior, acreditan que a obra, servizo ou subministración verificouse con arranxo ás condicións técnicas que serviron de base á adxudicación.

4. O uso de factura electrónica e á súa presentación a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado (Plataforma Face) será obrigatorio para as entidades seguintes, sen ningún tipo de exclusión:

- a) Sociedades anónimas, sociedades de responsabilidade limitada e unións temporais de empresas.
- b) Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española, e establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español.
- c) Agrupacións de interese económico.
- d) Fondos de pensións, de capital risco, de investimentos, de utilización de activos, de regularización do mercado hipotecario, de titulización hipotecaria ou de garantía de investimentos.

Os formatos das facturas electrónicas e das súas extensións e da firma electrónica haberán de axustarse ao establecido en cada momentos para a Plataforma FAcE.

5. Os provedores non incluídos no apartado anterior poderán presentar as facturas en formato electrónico, a través da Plataforma FAcE, ou en papel, no Rexistro Administrativo do Concello.

As facturas en formato papel deberán cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, en particular os estipulados nos arts. 4, 6, 7, 13, 14 e 15, así como co contido mínimo e co formato establecido pola normativa sectorial específica.

6. A plataforma FAcE pon a disposición das oficinas contables do Concello os datos necesarios para a incorporación das facturas en formato electrónico no rexistro de facturas integrado no sistema contable, que permite a súa tramitación e a actualización na plataforma da información relativa ao estado de tramitación das mesmas por medios electrónicos. As facturas recibidas do rexistro xeral en formato papel incorporaranse, se procede, ao rexistro contable. A efectos de identificación, anotarase sobre as mesmas en lugar visible, preferentemente no encabezado da primeira páxina, e de xeito indeleble mediante un selo con numerador automático ou impresión electrónica o número de rexistro asignado automaticamente pola aplicación informática de contabilidade.

Se unha factura non reúne os requisitos regulamentarios ou a partir dos datos reflectidos na mesma non é posible identificar o órgano xestor do gasto; se se detectan datos incorrectos

ou omisión de datos esenciais, ou a factura corresponde a outra Administración Pública, rexeitarase si foi tramitadas en formato electrónico a través da Plataforma FACe e non se anotará no rexistro de facturas se está realizada en formato papel, reintegrándose ao rexistro administrativo de procedencia con expresión da causa do rexeitamento a efectos da súa devolución aos interesados.

A oficina de contabilidade porá a disposición dos órganos xestores correspondentes as facturas electrónicas para a súa conformación mediante os medios electrónicos habilitados para a transmisión e tramitación dos expedientes de gasto que incorporen ese tipo de facturas, ou unha copia impresa en formato papel en ausencia dos mesmos.

Os centros xestores deberán tramitar a conformidade coas obras realizadas, a entrega dos bens ou a prestación dos servizos no prazo máximo de 15 días a contar dende a data de recepción. No suposto de superar ese prazo, deberá achegar á documentación reintegrada un informe no que se xustifique a causa do retraso. No caso de non conformidade e sempre dentro do prazo de 15 días, o responsable do centro xestor do gasto deberá comunicar a incidencia ao proveedor e poñela en coñecemento do negociado de contabilidade mediante informe ao efecto. Cando a tramitación da conformidade se realice por medios electrónicos, a aceptación ou rexeite formalizarase mediante a anotación no rexistro contable de facturas da data na que se produce. No caso de rexeite, indicarse tamén polos medios electrónicos habilitados a ese fin a causa de non conformidade.

7. Os requirimentos periódicos aos órganos competentes aos que se refire o art. 10.1 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da facturación electrónica e creación do rexistro contable de facturas do Sector Público, respecto das facturas pendentes de tramitación realizaranse por correo electrónico ou a través de calquera outro medio físico ou electrónico disposto ao efecto no que quede constancia de xeito fidedigno a data e hora da recepción da comunicación. A partires dese intre o órgano xestor do gasto disporá dun prazo máximo de 48 horas para xustificar por escrito as causas do retraso na tramitación.

8. O Concello de Narón proporcionará información sobre o estado de tramitación das facturas, con carácter xeral, a través da unidade administrativa responsable do Rexistro Contable de Facturas e, para as presentadas en formato electrónico, a través da Plataforma FACe.

BASE 15.^a – RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

O art. 176 do TRLRFL establece o principio xeral de temporalidade dos créditos. Non obstante, como excepción a ese principio xeral, aplicaranse aos créditos do orzamento vixente, as obrigas seguintes:

- a) As que resulten de liquidacións de atrasos a favor de persoal que perciban as súas retribucións con cargo aos orzamentos xerais da entidade local.

- g) Verificar a existencia de descontos a practicar por demora nos prazos de execución totais ou parciais, anuncios a cargo do contratista ou outros.
- h) Acreditar o cumprimento do prazo contractual.

5. Aboamento total ou pago da liquidación se existiran aboamentos a conta:

- a) Que se acompaña certificación ou acta de recepción do subministro.
- b) Que o subministro se execute nos prazos previstos.
- c) Que se aporta factura pola empresa adxudicataria de acordo co previsto na normativa que regula as obrigas de facturación.
- d) Cando se inclúa revisión de prezos, comprobar que se cumpren os requisitos establecidos polo artigo 103 da LCSP e que non está expresamente excluída a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares.
- e) Comprobar a existencia de endosos ou embargos, ou outras formas de transmisións dos dereitos.
- f) Verificar a existencia de descontos a practicar por demora nos prazos de execución totais ou parciais, anuncios a cargo do contratista ou outros.

6. Prórroga do contrato:

- a) Que está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares.
- b) Que, no seu caso, non se superan os límites de duración previstos polo prego de cláusulas administrativas particulares.
- c) Que exista informe do Servizo de Contratación.

7. Pagamento de xuros de demora:

Que exista informe do Servizo de Contratación.

8. Indemnizacións a favor do contratista:

- a) Que exista informe do Servizo de Contratación.
- b) Que existe informe técnico.

9. Resolución do contrato de subministro:

- a) Que existe informe do Servizo de Contratación e da Secretaría Xeral.
- b) Que, no seu caso, existe ditame do Consello Consultivo de Galicia.

10. Devolución da fianza ou cancelación do aval:

- a) Que consta informe do servizo sobre o cumprimento das obrigas do contrato e posibles responsabilidades que puideran esixirse ao contratista.

- b) Que se achega informe da Tesourería que acredite a constitución da fianza polo contratista e que non se devolveu.

- Contratos de servizos.

1. Expediente inicial:

A) Aprobación do gasto:

- a) Que existe prego de cláusulas administrativas informado pola Secretaría Xeral e, no seu caso, prego de prescricións técnicas do contrato.
- b) Que o obxecto do contrato está perfectamente definido, de maneira que permita a comprobación do exacto cumprimento das obrigas por parte do contratista.
- c) Cando se utilice prego tipo de cláusulas administrativas particulares, verificar que o contrato a celebrar é de natureza análoga ao informado pola Secretaría Xeral.
- d) Informe detallado e razoado, emitido polo servizo interesado na celebración do contrato, no que se xustifique debidamente os aspectos recollidos na lexislación en materia de contratos do sector público.
- e) Que no prego de cláusulas administrativas establécense, para a determinación da oferta economicamente mais vantaxosa, criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, e que cando se utilice un único criterio, este sexa o do prezo máis baixo.
- f) Cando se propoña como procedemento de adxudicación o negociado, comprobar que concorren os supostos previstos na normativa contractual para empregar o dito procedemento.
- g) Que a duración do contrato prevista no prego de cláusulas administrativas particulares se axusta ao disposto na lexislación en materia de contratos do sector público.

B) Compromiso do gasto:

- a) Cando non se adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola mesa de contratación, que exista decisión motivada do órgano de contratación.
- b) Cando se declare a existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados, que existe constancia da solicitude de información aos licitadores supostamente comprendidos nela e do informe técnico correspondente.
- c) Conformidade, cando proceda, da clasificación concedida ao contratista que se propón como adxudicatario coa esixida no prego de cláusulas administrativas particulares.

- d) Cando se utilice o procedemento negociado, que existe constancia no expediente das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento aplicadas polo órgano de contratación, de conformidade coa normativa de contratos das administracións públicas.
- e) Cando se propoña a celebración dun contrato con prezos provisionais de conformidade co artigo 102.7 da LCSP, que se detallen na proposta de adxudicación os extremos contidos nas letras a), b) e c) do citado precepto.
- f) Que se acredite a constitución da garantía definitiva.
- g) Que se acredita que o licitador proposto como adxudicatario esta ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

2. Revisión de prezos (aprobación do gasto):

Que se cumpran os requisitos establecidos polo artigo 103 da LCSP e que non está expresamente prohibida a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares.

3. Modificación do contrato:

- a) Que a posibilidade de modificar o contrato está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares e non supera a porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo pode afectar.
- b) Que existe informe do Servizo de Contratación e da Secretaría Xeral e, no seu caso, ditame do Consello Consultivo de Galicia.

4. Aboamentos a conta:

- a) No primeiro aboamento a conta, que se constituíu a garantía definitiva e se formalizou o contrato.
- b) Que existe certificación do órgano correspondente valorando o traballo parcial executado.
- c) Que se aporta factura pola empresa adxudicataria de acordo co previsto na normativa que regula as obrigas de facturación.
- d) Cando o abono inclúa revisión de prezos, comprobar que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 103 da LCSP e que non está expresamente excluída a posibilidade no prego de cláusulas administrativas particulares.
- e) En caso de efectuar anticipos dos previstos no artigo 198.3 da LCSP, comprobar que se prestou a garantía esixida.
- f) Comprobar a existencia de endosos ou embargos, ou outras formas de transmisión dos dereitos.

- g) Verificar a existencia de descontos a practicar por demora nos prazos de execución totais ou parciais, anuncios a cargo do contratista e outros.

- h) Acreditar o cumprimento do prazo contractual.

5. Aboamento total ou pago da liquidación se existiran aboamentos a conta:

- a) Que se acompaña acta de recepción ou certificado nos que se manifeste a conformidade cos traballos.
- b) Que os servizos se executen nos prazos previstos.
- c) Que se aporta factura pola empresa adxudicataria de acordo co previsto na normativa que regula as obrigas de facturación.
- d) Cando se inclúa revisión de prezos, comprobar que se cumpren os requisitos establecidos polo artigo 103 da LCSP e que non está expresamente excluída a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares.
- e) Comprobar a existencia de endosos ou embargos, ou outras formas de transmisións dos dereitos.
- f) Verificar a existencia de descontos a practicar por demora nos prazos de execución totais ou parciais, anuncios a cargo do contratista ou outros.

6. Prórroga do contrato:

- a) Que está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares.
- b) Que, no seu caso, non se superan os límites de duración previstos polo prego de cláusulas administrativas particulares.
- c) Que exista informe do Servizo de Contratación.

7. Pagamento de xuros de demora:

Que exista informe do Servizo de Contratación.

8. Indemnizacións a favor do contratista:

- a) Que exista informe do Servizo de Contratación.
- b) Que existe informe técnico.

9. Resolución do contrato de servizo:

- a) Que existe informe do Servizo de Contratación e da Secretaría Xeral.
- b) Que, no seu caso, existe ditame do Consello Consultivo de Galicia.

10. Devolución da fianza ou cancelación do aval:

- a) Que consta informe do servizo sobre o cumprimento das obrigas do contrato e posibles responsabilidades que puideran esixirse ao contratista.

- b) Que se achega informe da Tesourería que acredite a constitución da fianza polo contratista e que non se devolveu.

- Contratos de xestión de servizos públicos.

1. Expediente inicial:

- a) Que existe e está aprobado o anteproxecto de explotación e das obras precisas, no seu caso.
- b) Que existe prego de bases sempre que fora esixible pola lexislación vixente co informe xurídico correspondente sobre as cláusulas administrativas particulares.
- c) Que se exprese con claridade o obxecto do contrato e o ámbito da xestión, tanto no orde funcional como no territorial.
- d) Que a duración do contrato no excede do límite previsto no artigo 29 da LCSP).
- e) Que se establece un prazo prudencial anterior á reversión para a adopción das medidas encamiñadas a que a entrega dos bens se verifique nas condicións convidas.
- f) Que no prego de cláusulas administrativas establécense, para a determinación da oferta economicamente mais vantaxosa, criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato.
- g) Na contratación polo procedemento negociado, deberá verificarse a xustificación no expediente da necesidade de acudir a este sistema de adxudicación e a súa procedencia; no seu caso, deberán aportarse as ofertas presentadas por tres empresas.

2. Modificacións do contrato:

Que existe informe xurídico favorable.

3. Aboamentos a conta ao contratista:

- a) Que están autorizados no prego de bases.
- b) Que existe certificación de conformidade do xefe do servizo coa xestión do servizo público.
- c) Que se aporta factura pola empresa adxudicataria de acordo co previsto na normativa que regula as obrigas de facturación.

Para o primeiro aboamento a conta xustificarse:

- a) Que está constituída a fianza definitiva.



b) Que o contratista está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, se a dita acreditación non se realizase con ocasión da licitación.

c) Que se practicou a liquidación dos gastos derivados da licitación, a cargo do adxudicatario, no seu caso.

4. Devolución de fianza ou cancelación do aval:

a) Que existe informe do servizo correspondente e do Servizo de Contratación.

b) Que se depositou a fianza ou aval, e que non se devolveu.

5. Pagamento de xuros de demora:

Que exista informe do Servizo de Contratación.

6. Indemnizacións a favor do contratista:

a) Que exista informe do Servizo de Contratación.

b) Que existe informe técnico, no seu caso.

- Contratos patrimoniais.

1. Adquisición de bens inmoables:

a) Proposta de adquisición polo servizo interesado.

b) Informe da Secretaría Xeral.

c) Informe técnico e valoración pericial.

2. Arrendamento de bens inmoables:

a) Proposta de arrendamento e autorización do gasto polo departamento interesado.

b) Informe da Secretaría Xeral.

c) Valoración pericial comparativa do arrendamento proposto e da alternativa de adquisición e acondicionamento dun inmoable para o mesmo fin.

- Convenios de colaboración.

1. Convenios de colaboración coa comunidade autónoma ou outras entidades de dereito público:

a) No caso de subscripción, modificacións substanciais e prórroga, que existe informe do servizo xurídico.

- b) No caso de recoñecemento de obrigas, verificar o cumprimento dos requisitos establecidos no convenio para realizar os pagamentos.

2. Convenios de colaboración con entidades de dereito privado (persoas físicas ou xurídicas):

No caso de subscrición, modificacións substanciais e prórroga, que existe informe do servizo xurídico, e no caso de que impliquen subvencións, verificación dos requisitos contemplados nestas bases para os expedientes de subvencións.

- Expropiación forzosa.

1. Depósitos previos:

- a) Que existe acordo ou resolución declarando a urxente ocupación dos bens.
- b) Que existe acta previa á ocupación.
- c) Que existe folla de depósito previo á ocupación.

2. Indemnización por rápida ocupación:

- a) Que existe acordo ou resolución declarando a urxente ocupación dos bens.
- b) Que existe acta previa á ocupación.
- c) Que existe documento de liquidación de indemnización.

3. Nos expedientes de determinación do prezo xusto polos procedementos ordinarios e de mutuo acordo:

- a) Que existe a proposta a que se refire o artigo 25.a) do Decreto do 26/04/1957 polo que se aproba o Regulamento da lei de expropiación forzosa.
- b) Que existe informe dos servizos técnicos e xurídicos correspondentes en relación co valor do ben obxecto de expropiación.

4. Nos expedientes de gasto nos que o prezo xusto fora fixado polo Xurado Provincial de Expropiación ou órgano de análoga natureza:

Non se efectuará a comprobación de ningún aspecto adicional.

5. Pagamento de xuros de demora por atrasos na determinación do prezo xusto e no seu pagamento:

Non se efectuará a comprobación de ningún aspecto adicional, salvo a comprobación por parte da Tesourería municipal.

3. De conformidade co que se establece no artigo 219.1 do TRLRFL, non estarán sometidos a intervención previa os gastos de material non inventariable, contratos menores así como os de carácter periódico e demais de tracto sucesivo, unha vez intervido o gasto

correspondente ao período inicial do acto ou contrato do que deriven ou as súas modificacións, así como outros gastos menores de 3.005,06 € que, de acordo coa normativa vixente, se fagan efectivos a través do sistema de anticipos de caixa fixa.

En todo caso a tramitación destes gastos requirirá a verificación da existencia de crédito orzamentario dispoñible, axeitado e suficiente, a través da expedición do documento contable de retención de crédito.

Os gastos non sometidos a fiscalización previa, tramitaranse mediante un documento único de "Proposta de gastos" (RC) ata un límite máximo de 6.000,00 €, excepto os contratos formalizados polo Padroado de Cultura para realización de espectáculos sometidos ao convenio co Ministerio de Cultura (Platea), nos que, dada a súa peculiaridade, o devandito límite poderá acadar os 10.000 €. Para os gastos que superen estes límites deberá presentarse o informe proposta previo á aprobación do gasto polo órgano competente (RC); e ditada a resolución administrativa para a aprobación do devandito gasto, remitirase á Intervención municipal para a súa contabilización (AD).

Pola unidade responsable do control de gastos tomarase razón do gasto, previa comprobación pola dita unidade:

- a) Existencia de crédito adecuado e suficiente.
- b) Competencia da unidade xestora proponente.
- c) No seu caso, competencia do órgano que aproba o gasto.
- d) Comprobación dos requisitos do contrato menor.

No caso de que pola unidade responsable do control de gastos se denegue a toma de razón, a unidade xestora proponente poderá presentar alegacións motivadas diante da Intervención.

Xunto coa factura, debidamente conformada, achegarase a seguinte documentación:

- a) Copia da proposta de gastos (RC) ou da resolución administrativa pola que se aprobou o devandito gasto (AD).
- b) Oferta ou orzamento do adxudicatario.
- c) Para os contratos de obras, orzamento das obras a realizar, sen prexuízo da existencia de proxecto cando normas específicas así o requiran, memoria ou informe dos traballos a realizar, e informe de conformidade da obra suscrito por un técnico municipal ou o funcionario responsable da unidade xestora.

As ofertas ou orzamentos dos candidatos á adxudicación deberá incluír cando menos:

- a) A descrición e as características do servizo, subministro ou obra.
- b) O orzamento con, como mínimo, o mesmo detalle de unidades e prezos unitarios do proxecto, memoria, informe ou proposta incorporados ao expediente.
- c) A base imponible, o IVE e o importe total.

- d) O prazo de execución ou entrega e o período de validez da oferta.

Admitiranse ofertas orixinais en papel ou remitidas por calquera sistema de comunicación electrónica sempre que quede acreditada a identificación do emisor.

4. O resultado da fiscalización nos expedientes de gasto poderá ser:

- a) Sen fiscalizar. Si se comproba que o expediente está incompleto ou se constata a existencia de erros materiais ou de feito, devolverase o expediente á unidade xestora.
- b) Fiscalizado de conformidade. Procederá a tramitación do expediente.
- c) Fiscalizado de conformidade condicionada. A Intervención poderá fiscalizar favorablemente, a pesar da existencia de defectos que se observen no expediente, sempre que os requisitos ou trámites incumpridos non sexan esenciais. Neste caso, a efectividade da fiscalización favorable queda condicionada á subsanación dos mesmos con anterioridade a súa aprobación polo órgano competente. Se a unidade xestora non solventara os ditos condicionantes con carácter previo á continuidade do expediente, entenderase formulado o correspondente reparo.
- d) Fiscalizado de conformidade con observacións. A Intervención poderá formular as observacións complementarias que considere convenientes, sen que as mesmas teña, en ningún caso, efectos suspensivos na tramitación dos expedientes.
- e) Fiscalizado de disconformidade ou con reparos. Se a Intervención se manifestara en desacordo co fondo ou a forma dos actos, documentos ou expedientes examinados, deberá formular os seus reparos por escrito. Os ditos reparos deberán ser motivados con razoamentos fundados nas normas en que se apoie o criterio sustentado e deberán comprender todas as obxeccións observadas.

O reparo suspenderá a tramitación do expediente se afecta á disposición de gastos, recoñecemento de obrigas ou ordenación de pagamentos, ata que sexa solventado, nos casos seguintes:

- Cando se base na insuficiencia de crédito proposto ou o proposto non se considere adecuado.
- Cando non se fiscalizasen os actos que deron orixe ás ordes de pagamento.
- Nos casos de omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.
- Cando o reparo derive de comprobacións materiais de obras, subministracións, adquisicións ou servizos.

Formulado reparo suspensivo, se a unidade xestora do gasto opta por subsanar os defectos que o motivaron, o expediente continuará a súa tramitación previa conformidade da Intervención. No caso de que existan discrepancias co reparo, o responsable da devandita unidade deberá elaborar un informe no que, de xeito motivado, fundamente a súa opinión. Se a Intervención está de acordo coas alegacións, poderase continuar co expediente. De

persistir as discrepancias, a Intervención dará traslado do expediente ao órgano competente para a súa resolución.

Corresponderá ao Alcalde resolver a discrepancia sendo a súa resolución executiva, e esta facultade non será delegable en ningún caso. Non obstante, corresponderá ao Pleno da Corporación a resolución da discrepancia cando os reparos se fundamenten na insuficiencia ou inadecuación de crédito ou se refiran a obrigas ou gastos que sexan da súa competencia.

A resolución de discrepancias ten carácter executivo e, cando se pronuncie a favor da proposta da unidade xestora, permitirá que continúe a tramitación do expediente. Neste caso, na parte dispositiva do correspondente acordo deberá incluír un acordo expreso relativo ao levantamento do reparo ea súa identificación.

Das resolucións do Alcalde contrarias aos reparos formulados a Intervención dará conta ao Pleno con ocasión da tramitación da Conta Xeral.

5. Previamente ao recoñecemento das obrigas verificarase materialmente a efectiva realización das obras, servizos e subministros e a súa adecuación aos respectivos contratos.

O titular da Intervención, o funcionario que o substitúa ou aquel en quen delegue de xeito expreso para cada actuación, asistirá á recepción das obras cunha contía superior aos 300.000 € e aos 60.000 €, IVE excluído, para o resto dos contratos regulados na lei de contratos do sector público (LCSP).

Para a recepción das obras cun importe igual ou superior a 50.000 € e de ata 300.000 €, IVE excluído, delégase de xeito xenérico a representación da Intervención nos técnicos adscritos aos Servizos de Obras e Urbanismo. Para a recepción das obras de importe inferior a 50.000 €, IVE excluído, e para o resto dos contratos de contía igual ou inferior aos 60.000 €, IVE excluído, cando non exista unha delegación expresa, entenderase realizada no funcionario que, por razóns técnicas ou de encomenda de xestión dun área de gasto determinada, actúe como responsable do contrato.

En calquera caso e aos efectos oportunos, pola unidade administrativa correspondente deberá comunicarse á Intervención coa suficiente antelación a data e hora na que se producirá a recepción.

Na acta de recepción deberá de constar expresamente a asistencia da Intervención, ben persoalmente ou a través de delegación.

6. A fiscalización previa dos dereitos, substituirase pola toma de razón dos mesmos en contabilidade pola unidade administrativa de facenda ou de xestión de ingresos. Posteriormente realizarase unha fiscalización plena sobre unha mostra representativa elixida mediante técnicas de mostraxe ou auditoría, en función das dispoñibilidades persoais e materiais do departamento.

Estarán suxeitos a fiscalización previa os actos que deriven de devolucións de ingresos, debéndose verificar os seguintes extremos:

- a) Que o informe proposta da unidade xestora correspondente conteña o importe da devolución e a súa imputación orzamentaria.
- b) A identidade do perceptor e a acreditación do ingreso realizado.
- c) A non prescrición do dereito á devolución do ingreso e que non se devolveu con anterioridade.

Das anomalías detectadas en materia de ingresos a Intervención dará conta ao Pleno con ocasión da tramitación da Conta Xeral.

7 . A fiscalización plena posterior realizarase pola Intervención, con carácter xeral, entre os meses de xaneiro e agosto do ano seguinte a aquel en que se produciron os ingresos e gastos obxecto da fiscalización previa limitada, sobre unha mostra representativa dos mesmos elixida mediante técnicas de mostraxe ou auditoría, utilizando para o efecto os procedementos que xulgue oportunos, en función da carga de traballo existente e dos medios persoais e materiais dispoñibles, procurando, non obstante, adecuarse a los criterios establecidos pola Intervención Xeral do Estado.

Previamente á elevación do informe ao Pleno, abrírase un prazo de alegacións dun mes para que os responsables das unidades xestoras poidan presentar aquelas que consideren oportunas. A elevación do informe ao Pleno, xunto coas alegacións das unidades xestoras, farase coincidir, na medida do posible, coa data preceptiva de rendición da Conta Xeral correspondente.

8. As unidades xestoras remitirán á Intervención o expediente orixinal e completo, antes de que se dite o correspondente acordo polo órgano municipal competente, é dicir, con todos os seus xustificantes e documentos unha vez que se emitisen todos os informes que foran preceptivos. Con carácter xeral, establécese un prazo mínimo de 5 días hábiles e máximo de 10 días hábiles para a evacuación dos informes de fiscalización, a contar dende o día seguinte á recepción do expediente. No caso de que sexa necesario solicitar informes técnicos ou asesoramento específico, subsanar deficiencias no expediente ou completar a documentación, interromperase o cómputo do devandito prazo.

Cando non se dispoña do prazo mínimo, a fiscalización limitarase a constatar a existencia de crédito orzamentario axeitado e suficiente e a competencia do órgano que aproba o gasto, non asumindo pola Intervención máis responsabilidade que a derivada da comprobación dos extremos anteriores.

CAPITULO 3.º - CONTABILIDADE

BASE 28.ª - LIBROS DE CONTABILIDADE AUXILIAR VOLUNTARIOS

Os libros de contabilidade principal e auxiliar contemplados na Instrución de Contabilidade para a Administración Local , manteranse e arquivaranse en soporte informático asegurando a fiabilidade dos soportes utilizados en función do indicado na Instrución de Contabilidade e a lexislación sectorial en materia de administración electrónica.

BASE 29.ª - LIQUIDACIÓN DOS ORZAMENTOS

1. A liquidación dos orzamentos poñerá de manifesto o indicado no artigo 191 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
2. Corresponderá ao Alcalde do Concello, previo informe da Intervención, a aprobación da liquidación dos Orzamentos do Concello de Narón e do seu Padroado de Cultura, e das liquidacións dos orzamentos dos organismos autónomos municipais a proposta das xerencias respectivas.

BASE 30.ª - ESTADOS A CONSOLIDAR

As contas xerais dos Orzamentos do Concello de Narón, do seu Padroado de Cultura e dos organismos autónomos municipais axuntáranse un estado de consolidación da liquidación dos orzamentos respectivos a nivel de capítulo económico e de área de gasto. Dito estado de consolidación incluírá a desagregación das operacións internas que fosen obxecto de eliminación na integración correspondente.

CAPITULO 4.º - TESOURERIA MUNICIPAL

BASE 31.ª – AUTORIZACIÓN DE CAIXAS DE EFECTIVO

- 1.- A creación de Caixas de Efectivo será autorizada pola Alcaldía-Presidencia, a proposta da Tesouraría Municipal, previo informe da Intervención Municipal.
- 2.- As caixas de efectivo estarán baixo a responsabilidade dunha persoa, xa sexa funcionario ou contratado, da Corporación, onde estea integrada a actividade para a que se precise este efectivo.

3.- A Tesouraría e a Intervención Municipal exercerán as funcións propias da súa competencia, a cuxo efecto ditarán as instrucións que consideren oportunas para un mellor control e funcionamento daquelas.

En todo caso, os responsables das caixas de efectivo axustarán a súa actuación ás seguintes normas:

- a) Estas caixas terán a función exclusiva de ingresos de fondos emanados da actividade municipal que se sinala, non podendo cobrar taxas, tarifas, recargos, xuros ou sancións nin efectuar bonificacións, reducións ou exencións, que non sexan debidamente aprobadas pola Corporación. Tampouco poderán efectuar pagos baixo ningún concepto, nin sequera por devolución de ingresos indebidos.
- b) A recadación obtida ingresarse diariamente na entidade de crédito designada ao efecto pola Tesourería Municipal.

Para caixas con saldo diario inferior a 500,00 euros, os ingresos realizaranse, como máximo, semanalmente.

- c) No período que determine a Tesourería, que non poderá exceder dun mes, cada caixa de efectivo presentará unha liquidación-resumo dos ingresos realizados, á que se acompañará copia dos xustificantes pertinentes.
- d) Cada Caixa de Efectivo poderá dispoñer dos fondos que a Tesorería determine, a efectos de cambios de moeda.

4.- Independente da existencia de Caixas de efectivo, poderán constituírse depósitos de efectivo para cambio naquelas unidades que o necesiten. Constituiranse devanditos depósitos a proposta dos servizos afectos e previo informe da Tesorería e Intervención municipal. Os depositarios serán responsables de devanditos fondos e o seu réxime particular regularase no Decreto de constitución do mesmo.

BASE 32.^a - TESOURERÍA

1.- Constitúe a Tesourería da Entidade o conxunto de recursos financeiros da mesma e dos seus Organismos autónomos, tanto por operacións orzamentarias como non orzamentarias. A Tesourería réxese polo principio de unidade de caixa.

2.- Toda saída de fondos da Tesourería Municipal, teña carácter orzamentario ou extraorzamentario, requirirá a existencia previa de acto administrativo que así o estableza, ditado por órgano municipal competente, salvo que se trate de movementos internos de tesourería, competencia da Tesourería municipal, e, excepcionalmente, na corrección de apuntes ou ingresos indebidos satisfeitos ao Concello por terceiros ou outras Administracións.

3.- En desenvolvemento e para cumprimento das funcións previstas no artigo 196.1.c) do TRLRFL, todo traspaso ou transferencia de fondos entre diferentes contas do Concello ou dos seus Organismos Autónomos, xa se atopen estes na mesma ou en distinta entidade de

depósito, así como o documento contable que se derive de devandita operación (Movemento Interno de Tesourería), será competencia exclusiva da Tesourería municipal.

BASE 33.^a – ACTAS DE ARQUEO

1.As actas de arqueo son o documento que, de forma obxectiva, reflicte os saldos existentes nas contas bancarias e en todos os depósitos que segundo a ICAL conformen a tesourería municipal nun momento determinado.

As actas de arqueo serán expedidas pola Tesourería municipal, e asinadas polos tres claveiros.

Para a boa e transparente xestión económico-financeira, por control ou información contrastada, calquera dos tres claveiros poderá requirir, tantas veces como considere necesaria, a formalización do acta de arqueo.

Non obstante, expediranse actas de arqueo nas seguintes circunstancias:

- Á pechadura das operacións de fin de cada exercicio, (31 de decembro)
- Co cambio da Corporación municipal.
- Coa entrada ou saída de calquera dos claveiros titulares (Alcalde, Interventor ou Tesoureiro).

A data na que se terán en conta os saldos existentes será aquela na que se devengue a obrigaón ou necesidade do arqueo, sen prexuízo de que a acta se formalice posteriormente, unha vez recibíronse os certificados bancarios e realizados os cadres oportunos.

BASE 34.^a – PLAN DE DISPOSICIÓN DE FONDOS E PRESUPOSTO DE TESOURERÍA

1.- Corresponde ao Tesoureiro/a elaborar o Plan de Disposición de Fondos da Tesourería, cuxa aprobación compete ó Presidente, previo informe da Intervención.

Para o caso de non ter aprobado un Plan de disposición de fondos no Organismo Autónomo Municipal, seralle de aplicación o disposto no Plan de Disposición de fondos do Concello.

2.-A xestión dos fondos líquidos se levará a cabo co criterio de obtención da máxima rentabilidade, asegurando, en todo caso, a inmediata liquidez para o cumprimento das obrigas ós seus vencementos temporais, sen prexuízo da seguridade.

3.- A tal efecto poñeranse a disposición da Tesourería os documentos de pago con antelación suficiente para realizar as previsións de liquidez necesarias que permitan satisfacer as mesmas.

Para a confección pola Tesourería das previsións de liquidez teranse en conta as datas de vencemento de pago gravadas ao presentar as facturas por rexistro, en canto ás operacións comerciais. Posteriormente, a Tesourería irá confirmando, modificando e executando as previsións en función das obrigas recoñecidas que figuren no programa de contabilidade,

extraendo os datos obrantes neste para a realización dos pagos en función da data de previsión dos mesmos.

4.- O Plan de Disposición de Fondos poderá contemplar un Presuposto de Tesourería, cuxa periodicidade será establecida pola Tesourería.

O Plan de Disposición de Fondos considerará aqueles factores que faciliten unha eficiente e eficaz xestión da Tesourería do Concello.

5.- Regulación dos excedentes temporais de tesourería. Se dos estados provisionais da Tesourería se deduce a existencia de excedentes temporais de liquidez, por dita dependencia administrativa se incoará e tramitará un expediente a efectos de rendibilizar a xestión de ditos fondos, que poderán ser colocados en contas de excedentes, e materializados en Débeda Pública, Depósitos ou Imposicións a Prazo Fixo, cesións temporais de activos nas propias contas con intereses e vencemento predeterminado, ou en calquera outro activo que, non implicando risco, respecte os principios de seguridade e liquidez.

Dada a volatilidade dos tipos de intereses no mercado financeiro e, polo tanto, a necesidade de tramitar o procedemento de forma rápida, as comunicacións coas Entidades Financeiras se realizarán por medios telemáticos.

Con carácter xeral promoverase concorrência na licitación, salvo que razóns financeiras ou de outro tipo, debidamente motivadas, non fagan aconsellable a mesma.

As propostas de colocación de fondos realizada pola Tesourería deberán dirixirse, en principio, ás ofertas economicamente máis vantaxosas, as cales serán obxecto de Toma de Razón pola Intervención Municipal, ao tratarse de ingresos, sen prexuízo do seu control financeiro posterior, asinándose pola Alcaldía-Presidencia, como órgano municipal competente, aqueles documentos que formalicen a operación concertada.

O traspaso de contas operativas a contas de excedentes se realizará coa sinatura mancomunada dos tres claveiros.

Ó vencemento das operacións, os xuros e o principal serán abonados automaticamente na conta operativa de ingresos e pagos do Concello aberta en dita Entidade Financeira.

A contabilización destes excedentes terá carácter extraorxamentario, e o seu movemento se realizará mediante apuntes de Movementos Internos de Tesourería.

BASE 35.^a - PRINCIPIO DE NON AFECTACIÓN

1.- Os recursos da Entidade Local e de cada un dos seus Organismos autónomos e Sociedades Mercantís destinaranse a satisfacer o conxunto das súas respectivas obrigas, salvo no caso de ingresos específicos afectados a fins determinados.

2.- Só poderán afectarse a fins determinados os seguintes recursos, que pola súa natureza ou condicións específicas teñen unha relación obxectiva e directa co gasto a financiar:

- a) Os ingresos procedentes da enaxenación ou gravame de bens e dereitos que teñan a consideración de patrimoniais, que non poderán destinarse ao financiamento de gastos correntes, salvo que se trate de parcelas sobrantes de vías públicas non edificables ou de efectos non utilizables nos servizos da Entidade.
- b) As cargas de urbanización recollidas no artigo 147.2.b) da vixente Lei Reguladora das Facendas Locais.
- c) Os ingresos por contribucións especiais, que só poderán destinarse a sufragar os gastos da obra ou do servizo por cuxa razón esixir.
- d) As subvencións con destino a obras e servizos, que non poderán ser aplicadas a atención distintas daquelas para as que fosen outorgadas, salvo, no seu caso, os sobrantes non reintegrables cuxa utilización non estivese prevista na concesión.
- e) Os ingresos obtidos por operacións de crédito para o financiamento de investimentos da Entidade Local e dos seus Organismos autónomos.

BASE 36.^a - CONTAS DA TESOURERÍA

1.- A Entidade Local concertará os servizos financeiros da súa Tesourería con Entidades de crédito e aforro, mediante a apertura dos seguintes tipos de contas:

- a) Contas operativas de ingresos e pagos.
- b) Contas restrinxidas de recadación.
- c) Contas restrinxidas de pagos.
- d) Contas financeiras de colocación de excedentes de Tesourería.

2.- A apertura de calquera nova conta nunha Entidade Financeira, así como a súa cancelación, requirirá o informe previo favorable da Tesourería Municipal.

BASE 37.^a - EMBARGOS

1.- Recibidos os requirimentos de información ou de embargo na Tesourería, e segundo a súa orde de entrada, trabarase embargo, xa sexa total ou parcial, sobre aqueles créditos que consten pendentes de pago a dita data na Tesourería a favor do embargado, realizando os apuntes correspondentes no módulo que a ditos efectos se encontra na aplicación contable.

2.- Non poderán ser obxecto de embargo aqueles créditos que fosen cedidos con anterioridade ao requirimento de información ou embargo.

3.- O embargo ou retención practicada só poderá deixarse sen efecto por comunicación do órgano embargante, feito que igualmente deberá reflexarse no módulo correspondente da aplicación contable.

4.- Cando o obxecto do requirimento sexan os emolumentos de traballadores municipais, o requirimento de información ou de embargo será remitido ó Departamento de Persoal que se encargará da súa tramitación directa co órgano embargante.

BASE 38.^a - PROCEDEMENTOS DE REGULARIZACION OU AXUSTES CONTABLES

Cando a consecuencia dos traballos de investigación ou recuperación contable de exercicios pechados e de non orzamentarios, se poña de manifesto a necesidade de adoptar acordos de regularización ou axustes contables, os expedientes someteranse ó seguinte procedemento:

A.- Sistema xeral:

1.- Procedemento: con carácter xeral, para tramita-las anulacións ou baixas de dereitos e obrigas incluídas na agrupación de orzamentos pechados, seguirase o seguinte procedemento de tramitación:

- Proposta motivada e detallada das baixas citadas elaborada pola unidade xestora.
- Informe da Intervención Xeral.
- Ditame da Comisión Informativa de Facenda
- Aprobación inicial polo Pleno da Corporación
- Exposición ó público polo prazo de quince días hábiles, a través de edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que os acredores afectados poidan facer valer o seu dereito. No edicto farase constar a relación de obrigas afectadas polo expediente.
- Aprobación definitiva polo Pleno do Concello ou órgano que corresponda no caso de que durante o período de exposición pública se prantexasen reclamacións. Noutro caso, o acordo adoptado inicialmente, elevarase a definitivo.

2.- Supostos ou circunstancias habilitantes: o procedemento previsto no punto anterior aplicárase nos supostos seguintes:

- a) As modificacións do saldo inicial das obrigas recoñecidas e/ou dos pagamentos ordenados, cando estean orixinados por:
 - A prescrición de obrigas recoñecidas ou pagamentos ordenados.
- b) As modificacións do saldo inicial dos dereitos pendentes de cobro, cando estean motivados por:



- Prescrición de dereitos recoñecidos e liquidados.

B.- Sistema simplificado

1.- Procedemento: abondará con Resolución da Alcaldía, ou órgano con competencia delegada, previo informe da Intervención, sen que resulten de aplicación os tramites recollidos nos puntos anteriores desta base, para as anulacións ou baixas de dereitos e obrigas incluídos na agrupación de Presupostos Pechados, nos supostos que se recollen no apartado seguinte:

2.- Supostos ou circunstancias habilitantes, entre outros:

- a) As modificacións de saldos iniciais de obrigas recoñecidas e pagamentos ordenados motivados por:
 - Baixas ou economías na execución do gasto por obrigas recoñecidas.
 - Erros (materiais ou de feito) contables por defectuoso contraído.
- b) As modificacións do saldo inicial dos dereitos pendentes de cobro orixinados por:
 - Existencia de erros contables (materiais ou de feito) consistentes en omisións non reflectidas contablemente de actos administrativos producidos en exercicios pechados, cando deban reflectirse como tales modificacións co fin de garantir a permanente concordancia entre a información recollida nos distintos documentos e a da Contabilidade.
- c) A anulación de dereitos por:
 - Anulación de liquidacións.
 - Insolvencia e outras causas.

TITULO IV - GASTOS DE PERSOAL

CAPITULO 1.º - NORMAS XERAIS

BASE 39.^a - INCREMENTO DE RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO

O cálculo estimado de retribución íntegras de todo o persoal do Concello de Narón determinouse de conformidade coa RPT vixente, aprobada definitivamente polo Concello Pleno do 28-01-2011 e as súas posteriores modificacións, coas limitacións establecidas pola normativa vixente.

BASE 40.^a - NÓMINAS

1. O pagamento de toda clase de retribucións aos funcionarios e demais persoal deste Concello efectuarase mediante nómina mensual, que se pechará o día 20 de cada mes e as alteracións que se produzan con posterioridade a esta data causarán efecto na nómina do mes seguinte.
2. Todas as nóminas confeccionaranse divididas nas seccións actuais ou naquelas outras que, a xuízo dos responsables de persoal, habilitación de pagos e Intervención, poidan considerarse máis adecuadas. Acompañarase un parte das variacións habidas na mesma en relación ao mes anterior para súa debida fiscalización.
3. Cada nómina levará a conformidade do xefe do servizo ou da oficina pola que se acreditará que os funcionarios e demais persoal comprendidos na mesma prestaron os servizos que se retribúen.
4. Todos os haberes do persoal que figuran na nómina única serán pagados pola entidade bancaria designada ao efecto pola Alcaldía ou pola Xunta de Goberno Local, no seu caso.
5. O pagamento efectuarase pola dita entidade bancaria mediante abono na conta de dita entidade ou doutra que fora elixido o perceptor. O pagamento, nestes casos, xustificarase co documento acreditativo do abono ou da orde de transferencia da entidade coa que se teña concertado o servizo do pago de haberes.
6. Determinase un crédito global na aplicación orzamentaria 9200-15000 para o pagamento da produtividade especial.

BASE 41.^a - ADIANTOS REINTEGRABLES A FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL

1. Concederán adiantos reintegrables aos funcionarios e persoal laboral consonte ao establecido no Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario, Convenio colectivo de persoal laboral e Regulamento de axudas sociais ao persoal municipal vixentes.
2. A concesión de adiantos farase por resolución da Alcaldía.
3. A extinción ou suspensión da relación de servizo co Concello ou os seus organismos autónomos obrigará ao persoal afectado ao reintegro do importe pendente de reembolso no prazo máximo dun mes.

CAPITULO 2.º - NORMAS SOBRE PERSOAL FUNCIONARIO

BASE 42.ª - PERSOAL FUNCIONARIO

1. A contía dos diferentes conceptos retributivos a percibir polo persoal funcionario axustarase as seguintes normas:
 - a) O soldo, trienios e pagas extraordinarias que correspondan aos diversos grupos de clasificación de conformidade coa Lei 30/1984, modificada pola Lei 7/2007 que aproba o Estatuto Básico do Empregado Público. percibiranse nas contías sinaladas na lexislación vixente para cada exercicio orzamentario.
 - b) O complemento de destino será o correspondente ao nivel do posto de traballo que desempeñe o funcionario, de acordo ao catálogo aprobado pola corporación e a súa contía virá fixada pola lexislación vixente para cada exercicio orzamentario.
 - c) O complemento específico experimentará o incremento que se dispoña con carácter xeral para as retribucións de funcionarios na normativa vixente para cada exercicio orzamentario. O resto das retribucións rexeranse polas normas específicas aprobadas ao efecto pola corporación municipal.
2. Efectuaranse as consignacións correspondentes no subconcepto 15100 de cada un dos programas con cargo aos que se aboarán as gratificacións por servizos extraordinarios fóra da xornada normal de traballo.

A realización de horas extras, excepto en casos de forza maior, deberá contar sempre coa autorización da Alcaldía, previo informe do Departamento de Persoal sobre a súa procedencia e da Intervención sobre a existencia de crédito suficiente. En todo caso darase preferencia as compensacións de tempo por tempo.

Estas gratificacións terán carácter excepcional e a súa retribución estará determinada polo valor/hora que consta no acordo regulador e convenio colectivo vixentes, que se actualizarán anualmente en función das disposicións de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para cada ano.

3. O cadro de persoal do Concello de Narón para o exercicio clasificada de conformidade ao sinalado no artigo 167 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, figura no correspondente Anexo dos Orzamentos do Concello de Narón e do seu Padroado de Cultura.

4. O importe do resto de indemnizacións por razón do servizo será o sinalado pola normativa estatal aplicable.

En relación as normas de xestión que afectan a formación dos empregados públicos do Concello de Narón e o Padroado de Cultura, se estará ao que establece a normativa vixente e a instrución do Concelleiro delegado de Persoal de 22 de setembro de 2021, respecto da formación do persoal municipal (PER15I2JU) ou norma que a substitúa ou modifique.

5. Os funcionarios que substitúan a os que legalmente desempeñan os postos reservados a funcionarios co habilitación nacional, ao Xefe da Policía Municipal e ao Xefe de Emerxencias percibirán unha cantidade igual a diferenza entre as retribucións complementarias da Secretaría, Intervención, Tesourería, Xefe da Policía Municipal e Xefe de Emerxencias do posto que desempeñen.

Esta mesma contía a percibirán os funcionarios que substitúan aos restantes xefes de servizo sempre que a súa ausencia se produza por un período continuado superior a un mes e non sexa debida ao goce de vacacións ou permiso por asuntos propios.

CAPITULO 3.º - NORMAS SOBRE PERSOAL LABORAL

BASE 43.ª - PERSOAL LABORAL

1. O conxunto de retribucións a percibir polo persoal laboral ao servizo do Concello rexerase polo convenio colectivo en vigor, e sen prexuízo das reclasificacións individuais que poidan realizarse ao longo do exercicio.

2. Nos cadros de postos de traballo do todo o persoal do Concello que se achegan cos Orzamentos, figura a contía individual das retribucións de cada posto, calculada de conformidade ao sinalado nos números anteriores.

3. Previamente ao comezo das negociacións de convenios ou acordos colectivos que se celebren deberá solicitarse da unidade de persoal un informe no que se avalíe a masa salarial autorizada que constitúe o límite máximo das obrigas que poidan contraerse como consecuencia de ditos pactos. A cuantificación da masa salarial farase na forma establecida na Lexislación vixente para cada exercicio orzamentario.

4. Con anterioridade ao acordo ou sinatura de convenios colectivos pola unidade de persoal correspondente remitirase á Intervención para seu informe o correspondente proxecto,

acompañado da valoración de tódolos seus aspectos económicos e cadro comparativo sobre a masa salarial de referencia.

CAPITULO 4.º - NORMAS SOBRE PERSOAL EVENTUAL, CONTRATADO E INTERINO

BASE 44.ª - PERSOAL EVENTUAL, CONTRATADO E INTERINO

Dentro do cadro de persoal funcionario, unido ao orzamento figura o número e características do persoal eventual de emprego. Así mesmo, figuran nas aplicacións orzamentarias de goberno e alta dirección as contías das retribucións a percibir polos mesmos segundo o posto de traballo que desempeñen.

Durante a vixencia dos Orzamentos do Concello de Narón e o do seu Padroado de Cultura, as necesidades de persoal cubriranse con persoal interino, por calquera causa das sinaladas no art. 10 da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público, ou con persoal laboral temporal segundo o establecido no art. 11 de dito texto, sempre que quede xustificada a necesidade e urxencia da contratación, de conformidade có sinalado no Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Narón, aprobado polo Concello Pleno do 27-03-2008.

Para aqueles supostos de substitucións e contratación temporais sen vacante no cadro de persoal, consígnase unha contía na aplicación orzamentaria 9200-14300.

CAPITULO 5.º - RETRIBUCIONS E INDEMNIZACIONS DOS MEMBROS DA CORPORACION

BASE 45.ª - RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

a) Dedicación exclusiva e parcial.

As retribucións dos membros da Corporación con dedicación exclusiva e parcial axustaranse ao establecido no acordo adoptado no Pleno da Corporación do 27 de xuño de 2019, ou acordo plenario posterior que o substitúa.

b) Asistencias.

O artigo 75 da Lei 7/1985 establece o réxime das indemnizacións e asistencias nos seus apartados terceiro, cuarto e quinto. De acordo con esta normativa só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.

CONCEPTO	IMPORTE
Substitución alcaldía/ día	45,00 €
Concello pleno	400,00 €
Xunta de portavoces	150,00 €
Xunta de goberno	250,00 €
Comisións informativas	150,00 €
Xunta do Padroado de Cultura	100,00 €
Matrimonios	50,00 €

O número máximo de sesións do Concello Pleno retribuíbles por ano será de 15.

Os membros do Padroado de Cultura que non sexan membros da Corporación Municipal, terán dereito pola asistencia a cada unha das xuntanzas de dito Padroado a un importe bruto de 100 €.

En todo caso, as asistencias aos plenos para a formación das mesas electorais con motivo dos distintos procesos electorais non serán retribuíbles.

c) Indemnizacións.

Os membros das corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo conforme ao establecido no apartado 5 do artigo 13 Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e o Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

O Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, no seu art. 9 establece:

1.º.–“Dieta” é a cantidade que se reivindica diariamente para satisfacer os gastos que orixina a estancia fóra da residencia oficial, entre os que se establece os gastos de manutención correspondentes á comida e a cea e gastos de aloxamento, almorzo e teléfono.

2.º.–“Indemnización de residencia eventual” é a cantidade que se debeña diariamente para satisfacer os gastos que orixina a estancia fóra da residencia oficial.

3.º.–“Gastos de viaxe” e a cantidade que se aboa pola utilización de calquera medio de transporte por razón de servizo.

Dietas de cargos electos do Concello de Narón.–Aos efectos de aplicación ós cargos electos do Concello de Narón dos importes determinados no RD 462/2002, se terán en conta aqueles que se refiran ao grupo 1 do citado RD:

Dietas en territorio nacional:

Grupo	Contías en euros		
	Por aloxamento	Por manutención	Dieta enteira
1	102,56 €	53,34 €	155,90 €

Para os gastos de viaxe pola utilización de vehículo particular, é necesario acreditar a adecuación do recorrido ao itinerario previsto ou normal, con detalle do quilometraxe (ida e volta), liquidándose o seu importe conforme ao prezo disposto polo citado RD 462/2002, do 24 de maio, máis aqueles outros gastos (aparcamentos, garaxe, autoestradas, etc.), previa xustificación documental.

Pola Orde HFP/793/2023 de 12 de xullo do Ministerio de Facenda e Función Pública, se actualiza o importe da indemnización a percibir como gasto de viaxe polo uso de vehículo particular en comisión de servizo, prevista no artigo 18.1 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, que queda fixado en 0,26 euros por quilómetro percorrido polo uso de automóbiles e 0,106 euros por quilómetro percorrido polo uso de motocicletas.

Se deberán presentar expediente de dietas e desprazamentos xunto cos xustificantes e facturas varias (peaxes, aparcamentos, ...).

No suposto de usar transporte colectivo: Indemnizarase polo importe do billete ou pasaxe utilizado, dentro das tarifas correspondentes á clase do grupo 1 do anexo I do RD 462/2002 e que se, sinalan a continuación:

- a) Avión: clase turista ou clase de contía inferior á prevista para aquela.
- b) Trens de alta velocidade e velocidade alta: clase preferente.
- c) Trens nocturnos: cama preferente.

- d) Trens convencionais e outros medios de transporte: clase primeira ou preferente.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, en casos de urxencia cando non houbera billete ou pasaxe da clase que corresponda, ou por motivos de representación ou duración das viaxes, a autoridade que ordene a comisión poderá autorizar unha clase superior.

Axudas a grupos políticos:

Os grupos políticos municipais percibirán as axudas seguintes:

Por cada grupo municipal de 2 ou máis concelleiros mensualmente	400 €
Por cada Concelleiro mensualmente	200 €

Outras normas de xestión:

- a) Cando se celebren varias sesións dun mesmo órgano colexiado o mesmo día, o asistente só percibirá a retribución por unha.
- b) O pago por asistencias require certificación de asistencias expedida pola Secretaria xeral municipal.
- c) Cando un edil sexa nomeado ou cesado concelleiro con dedicación exclusiva ou parcial con efectos distintos do día primeiro dun mes, percibirá a retribución por dedicación correspondente aos días efectivos da mesma e ás asistencias a órganos colexiados que correspondan aos días nos que a dedicación non resulte efectiva.
- d) Cando un concelleiro con dedicación parcial ou exclusiva asista a un órgano colexiado en substitución doutro concelleiro, non xerará dereito ningún de asistencia.
- e) Cando un concelleiro con dedicación exclusiva ou parcial substitúa ao alcalde, percibirá as retribucións diarias que lle correspondan por esta substitución, pois neste caso enténdese que o edil exerce as súas funcións como alcalde e non como concelleiro.
- f) Cando un concelleiro sen dedicación exclusiva ou parcial asuma por substitución do alcalde a presidencia da Xunta de Portavoces, cobrará as retribucións por asistencia como calquera outro membro da mesma.
- g) A substitución por concelleiro sen dedicación da alcaldía ou concelleiro con dedicación exclusiva ou parcial xerará as retribucións que lle correspondan por asistencia.
- h) A Alcaldía e concelleiros con dedicación exclusiva ou parcial percibirán as indemnizacións por celebración de matrimonios civís, dado que non se trata de asistencia a órgano colexiado”.

- i) Facúltase amplamente ao alcalde-presidente para aclaración e interpretación destas asignacións.
- j) As comisións de servizo, ou encomendas de xestión, que a Alcaldía realice a outro concelleiro, faranse como norma xeral, ao Concelleiro delegado de área, e só excepcionalmente, poderase autorizar a asistencia remunerada de máis dun concelleiro mediante xustificación da necesidade de que formen parte da delegación oficial máis dunha persoa.
- k) A utilización do vehículo propio terá carácter excepcional cando o seu uso xustifíquese por unha maior eficiencia que o uso do transporte público, ou a imposibilidade de uso do transporte público. Só será abonable un vehículo por comisión ou delegación con independencia de que sexan un máis dunha as persoas comisionadas ou delegadas (Resolución do 9 de febreiro de 2018, conxunta da Secretaría de Estado de Función Pública e da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se ditan instrucións sobre comisións de servizo con dereito a indemnización BOE» núm. 40, do 14 de febreiro de 2018_ de aplicación ao persoal comprendido no ámbito de aplicación do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo).

BASE 46.^a - RÉXIME DA SEGURIDADE SOCIAL DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN CON ADICACIÓN EXCLUSIVA

Os membros da Corporación que exerzan o seu cargo en réxime de adicación exclusiva ao Concello, terán dereito o mesmo tratamento no caso de incapacidade laboral transitoria que o persoal do Concello sometido o réxime estatutario.

TITULO V - SUBVENCIONS

CAPITULO 1.º - PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS E SUBVENCIONS

BASE 47.ª - AXUDAS E SUBVENCIONS PÚBLICAS

1. A concesión de subvencións está regulada pola Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.

A concesión de axudas económico-financeiras municipais para a satisfacción de necesidades económicas básicas de familias ou persoas con escasos ou nulos recursos en situacións de urxencia, estará sometida ao Regulamento de Axudas Financeiras para a Atención de Necesidades Sociais Básicas do Concello de Narón.

2. En todo caso, non están comprendidas no ámbito de aplicación da Ordenanza xeral as achegas dinerarias realizadas a outras administracións públicas cando sexa en cumprimento dun convenio de colaboración, como achega do concello a un gasto que vai reverter en interese do mesmo; as que se produzan en execución dunha disposición legal ou sexan sexan consecuencia dunha sentenza xudicial firme, e as transferencias previstas para os organismos autónomos do Concello.

Non están incluídas por tanto:

- A transferencia ao Padroado Cultura
- As achegas a programas e proxectos da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol.
- A achega á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia para o financiamento do Plan de Transporte Metropolitano.
- A achega ao financiamento do servizo de bicicletas segundo o convenio co Concellos de Ferrol.
- A achega ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o financiamento das actividades da Escola Infantil de Xuvia.
- A achega ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o financiamento do programa Xantar na Casa.
- A Achega Á Deputación de A Coruña en compensación pola reserva de prazas no Fogar Infantil.

- Calquera outras achegas de natureza semellante ás anteriores.

3. Tampouco están sometidas ás disposicións deste capítulo as achegas anuais realizadas polo concello e polo Padroado de Cultura como membro das seguintes asociacións, segundo as cotas aprobadas polos respectivos órganos de goberno:

CONCELLO:

- Federación Española de Municipios y Provincias
- Federación Galega de Municipios e provincias
- Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol
- Club de tiro olímpico El Castro
- Asociación Red de Ciudades que Caminan
- Asociación Seitura 22
- Museo Pobo Galego
- Asociación de Concellos do Camiño Inglés
- Asociación de Entidades Locais pola Língua Galega
- Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade
- Fundación Parque Científico-Tecnolóxico Río do Pozo
- FEMP - Rede Española de Cidades Saudables
- GALP Golfo Artabro Norte
- Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular

PADROADO DE CULTURA:

- Rede Española de Teatros e Auditorios
- Festifolk
- Redelae

Neste caso o soporte xustificativo do gasto será, ou ben o recibo emitido pola asociación, ou ben a acta da sesión do órgano de goberno respectivo onde se determine a cota correspondente.

BASE 48.^a - SUBVENCÍONS NOMINATIVAS.

1. No orzamento do ano 2024 prevense as seguintes subvencións nominativas, que poderán concederse previa tramitación do correspondente expediente administrativo e coa formalización do correspondente convenio ou acordo.

Concello de Narón:

PROG. ECON.		BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE
1350	48000	Agrupación de Voluntarios Protección Civil (G15421357)	Establecer o marco de cooperación e colaboración do Concello de Narón nas actuacións de Protección Civil e o fomento e a promoción das actividades sociais	10.000,00
1700	48000	Asociación Galega de Apicultura (G15077282)	Desenvolvemento de actividades e campañas de sensibilización medioambientais	6.000,00
2312	48000	Asociación BBTAA (G70087168)	Programa de asesoría de lactancia materna	2.000,00
2312	48000	Patronato Concepción Arenal (G15030372)	Programa de acollemento temporal de mulleres, soas ou acompañadas dos seus fillos/as, que sofren violencia e/ou exclusión, e o desenvolvemento de actividades complementarias no ámbito da acción social	3.000,00
2312	48000	Cáritas Diocesana Mondoñedo Ferrol (R1500294B)	Programa de atención a persoas afectadas de escasos recursos económicos e/ou risco de exclusión social	20.000,00
2312	48000	Santo Hospital de Caridad (G15037070)	Programa de atención a persoas que precisen un aloxamento alternativo	5.000,00
2312	48000	Solidaridade Galega co Pobo Saharaui (G15924558)	Desenvolvemento do programa Vacacións en Paz, no ámbito da acción social, para nenos e nenas procedentes do Sáhara	7.000,00

PROG. ECON.	BENEFICIARIO		OBXECTO	IMPORTE
2312	48000	Acción Familiar Ferrol (AFA) (G15745466)	Desenvolvemento das actividades complementarias ás que se desenvolven no Concello de Narón a través do programa de desenvolvemento do colectivo xitano	44.000,00
2312	48000	Asociación de Parkinson Ferrol (G15851280)	Desenvolvemento do programa "Mantemento das terapias dos usuarios de Narón", destinado as persoas con Parkinson	5.000,00
2312	48000	Asociación Dignidad (G15500853)	Programa de atención a persoas afectadas de escasos recursos económicos e/ou risco de exclusión social	9.000,00
2312	48000	Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais (ASPANEPS) (G15036064)	Programas de atención socioeducativa	22.000,00
2312	48000	Centro de Recursos Solidarios Narón (G70501325)	Programa de atención a persoas afectadasde escasos recursos económicos e/ou risco de exclusión social	16.500,00
2312	48000	Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (G15629629)	Programa de Axuda de Emerxencia	11.000,00
2312	48000	Asociación de Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegal (G15524614)	Programas de atención a persoas con enfermidades mentais e os seus familiares	13.000,00
2312	48000	Asociación de Persoas Xordas de Ferrol (G15121676)	Programas de atención a persoas xordas e persoas con discapacidade auditiva	4.000,00
2312	48000	Asociación Familiares Enfermos Alzheimer (AFAL) (G15620628)	Programa para o desenvolvemento de actividades co colectivo de persoas enfermas de Alzheimer e outras demencias, así como as súas familias	7.000,00
2312	48000	Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (ASPANAES) (G15048937)	Desenvolvemento do programa de atención a persoas con trastorno autista	12.000,00

PROG. ECON.	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE	
2312	48000	Asociación Sociocultural ASCM (G15161573)	Programas de atención a persoas con diversidade funcional	16.000,00
2312	48000	Asociación Nosa Sra. de Chamorro (G15028889)	Programa de atención a persoas con discapacidade, centrado nas persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento	14.000,00
2312	48000	Asociación de Pais de Nenos con Minusvalía (ASPANEMI) (G15678592)	Desenvolvemento do programa de atención a persoas con discapacidade, centrado nos nenos e nenas con minusvalía	3.000,00
2312	48000	Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (GOGAMI) (G32115941)	Programas de atención a persoas con discapacidade	7.000,00
2312	48000	Instituto Gallego del TDAH y Trastornos Asociados (INGADA) (G70394374)	Programa de intervención especializada con persoas en exclusión social	2.500,00
2312	48000	Asociación Síndrome de Down Teima de Ferrol (G15458060)	Programas de atención a persoas con síndrome de Down	10.000,00
2312	48000	Fundación Terra de Trasancos (G15807126)	Programa de obradoiros para as persoas maiores e dotación de espazo para o desenvolvemento de actividades municipais	12.000,00
3110	48000	Asociación Española Contra el Cancer (G28197564)	Programa de atención integral ao enfermo de cancro	2.000,00
3110	48000	Asociación Exalcoholicos de Ferrolterra (G15154230)	Desenvolvemento do programa "Aprende a protexerte fronte á adicción"	2.000,00
3110	48000	Asociación Ferrolana de Drogodependencias (ASFEDRO) (G15072010)	Programa de educación para a saúde	5.000,00
3110	48000	Asociación Galega de Afectados por Transplantes Medulares (ASOTRAME) (G70370713)	Actividade de ioga para pacientes e expacientes oncolóxicos e familiares	3.000,00

PROG. ECON.	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE
3260	48000 ANPA A Buxaina (CEIP A Gándara) (G15365885)	Desenvolvemento da actividade de comedor escolar de almorzos	8.000,00
3260	48000 ANPA A Solaina (CEIP A Solaina) (G15059702)	Desenvolvemento da actividade de comedor escolar de almorzos	8.000,00
3260	48000 ANPA CEIP Ponte de Xuvia (G15231608)	Desenvolvemento da actividade de comedor escolar de almorzos	2.700,00
3260	48000 ANPA Galatea (CEIP Virxe do Mar) (G15245723)	Desenvolvemento da actividade de comedor escolar de almorzos	7.000,00
3260	48000 ANPA O Buxato (CPI O Feal) (G15247711)	Desenvolvemento da actividade de comedor escolar de almorzos	10.500,00
3260	48000 ANPA CRA Narón (G15347891)	Desenvolvemento da actividade de comedor escolar de almorzos	7.000,00
3260	48000 ANPA As Aceas (CEIP Piñeiros) (G15567290)	Desenvolvemento da actividade de comedor escolar de almorzos	2.700,00
3260	48000 CEIP A Gándara (Q6555311G)	Realización de actividades educativas	4.900,00
3260	48000 CEIP A Solaina (Q6555187A)	Realización de actividades educativas	5.900,00
3260	48000 CEIP Piñeiros (Q6555694F)	Realización de actividades educativas	2.700,00
3260	48000 CEIP Ponte de Xuvia (Q6555641G)	Realización de actividades educativas	2.700,00
3260	48000 CEIP Virxe do Mar (Q1580005E)	Realización de actividades educativas	2.800,00
3260	48000 CPR Ayala: Actividades (F15043755)	Realización de actividades educativas	4.000,00
3260	48000 CPR Jorge Juan: Actividades (B15011984)	Realización de actividades educativas	2.400,00
3260	48000 CPR Santiago Apóstol: Actividades (B15019987)	Realización de actividades educativas	6.000,00

PROG. ECON.		BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE
3260	48000	Colexio Rural Agrupado Narón (Q6555640I)	Realización de actividades educativas	4.800,00
3260	48000	IES Terra de Trasancos (Q6555722E)	Realización de actividades educativas	1.800,00
3260	48000	CEIP O Feal (Q6555032I)	Realización de actividades educativas	4.000,00
3260	48000	Asociación Aurega (G70575857)	Promocionar a escola de familias da asociación Áurega	2.000,00
3340	48000	Sociedad Cultural Areosa (G15117039)	Desenvolvemento de actividades no ámbito da cultura	5.500,00
3340	48000	Asociación de Veciños O Couto (G15037583)	Desenvolvemento de actividades no ámbito da cultura	5.500,00
3340	48000	S.C.R. A Pombiña (G15039787)	Cesión das instalacións da entidade no ámbito da promoción cultural e desenvolvemento de actividades culturais e de lecer	5.500,00
3410	48000	Asociación Moto Club Fojeteiros (G15998537)	Organización concentración moteira cidade de Narón	15.000,00
3410	48000	Club A Ferveza Fútbol Sala Feminino (G70131057)	Promoción e fomento da actividade de Fútbol Sala Feminino	15.000,00
3410	48000	Club Acordes Narón (G15499692)	Promoción e fomento da actividade xeral de Ximnasia Ritmica e Estética de grupo e a participación en diferentes campionatos da dita especialidade	19.000,00
3410	48000	Club Arco Narón (G15798846)	Promoción e fomento da actividade xeral de Tiro con Arco, e a participación en diferentes campionatos da dita especialidade	18.000,00
3410	48000	Club Atletismo Narón (G15215759)	Promoción e fomento da actividade xeral de Atletismo, e a participación en diferentes campionatos da dita especialidade	33.000,00

PROG.	ECON.	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE
3410	48000	Club Balonmán Narón (G15324692)	Promoción e fomento da actividade xeral de Balonmán, e a participación en diferentes campionatos da dita especialidade	14.000,00
3410	48000	Club Cidade de Narón (G70054705)	Promoción e fomento da actividade de Fútbol Sala e participación en diferentes campionatos da dita especialidade	30.000,00
3410	48000	Club de Baile Deportivo Narón (G70180468)	Promoción e fomento da actividade Campionatos de España de Baile Deportivo	10.000,00
3410	48000	Club de Golf Campomar (G15071087)	Promoción e fomento da actividade xeral de Golf, e a participación en diferentes campionatos da dita especialidade	18.000,00
3410	48000	Club Deportivo Narón (G70455928)	Promoción e fomento da actividade xeral de Fútbol, e a participación en diferentes campionatos da dita especialidade	31.000,00
3410	48000	Club de Piragüismo Narón (G70233580)	Promoción e fomento da actividade xeral de Piragüismo, e a participación en diferentes campionatos da dita especialidade	8.000,00
3410	48000	Club de Remo Narón (G15120306)	Promoción e fomento da actividade xeral de Remo, e a participación en diferentes campionatos da dita especialidade	17.000,00
3410	48000	Club Tennis de Mesa Cidade de Narón (G15892946)	Promoción e fomento da actividade xeral de tenis de mesa, e a participación en diferentes campionatos da dita especialidade	13.000,00
3410	48000	Club Voleibol Narón Volea (G70224605)	Promoción e fomento da actividade xeral de Voleibol, e a participación en diferentes campionatos da dita especialidade	16.000,00
3410	48000	Agrupación Deportiva Náutico Narón (G15218316)	Promoción e fomento das actividades de Natación, Natación sincronizada, e Triatlón, e a participación en diferentes campionatos das ditas especialidades	30.000,00

PROG. ECON.		BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE
3410	48000	Cub Baloncesto Narón (G15212335)	Promoción e fomento da actividade xeral de Baloncesto, e a participación en diferentes campionatos da dita especialidade	30.000,00
3410	48000	Escola Superior de Karate de Narón (G15765498)	Promoción e fomento da actividade xeral de Kárate, e a participación en diferentes campionatos da dita especialidade	9.000,00
3410	48000	Escudería Siroco Narón (G70325113)	Desenvolvemento do Rallye de Narón	45.000,00
3410	48000	Sociedade Deportiva O Val (G15383433)	Promoción e fomento das actividades de competición oficial no fútbol da zona rural, e actividades en diferentes campionatos da dita especialidade	45.000,00
3410	48000	Club de cazadores A Faísca (G15625445)	Organización do trofeo Cidade de Narón de Silvestrismo	1.000,00
4330	48000	Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume y Ortegal (COFER) (G70199112)	Representar e defender os intereses xerais e comúns das empresas	15.000,00
4330	48000	Asociación de Comerciantes de Narón (G70180070)	Potenciar unha maior fluidez e colaboración con todo o comercio local	13.000,00
4330	48000	Asociación de Jóvenes Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (G15912520)	Fomento do emprendemento na comarca de Ferrolterra	5.000,00
4330	48000	Asociación Terrarrendible (G70387360)	Proporcionar asesoramento técnico en materia forestal e agrícola ao Concello e aos propietarios co gallo de aumentar a rendibilidade económica e potenciar sustentabilidade medioambiental das propiedades de xeito colectivo	12.000,00
4330	48000	Cofradía de Pescadores Santiago Apóstol de Barallobre (G15033186)	Apoiar o desenvolvemento sostible da actividade da cofradía	6.000,00

PROG.	ECON.	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE
4330	48000	Cofradía de Pescadores e Mariscadores de Ferrol (G15035116)	Apoiar o desenvolvemento sostible da actividade da cofradía	6.000,00
4330	48000	Fundación para el conocimiento de la construcción naval y actividades marítimas (EXPONAV) (G15944564)	Fomento do coñecemento da construción naval e das actividades marítimas	10.000,00
9240	48000	Asociación de Veciños Virxe de Fátima (G15232275)	Desenvolvemento de accións sociocomunitarias, mediante a cesión do uso do local	2.900,00
Total xeral				866.300,00

Padroado de Cultura:

PROG.	ECON.	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE
3340	48000	Asociación Cultural Sementeira (G15456973)	Convenio de colaboración no eido da actividade musical	56.500,00
3340	48000	Asociación para la Recuperación de la Memoria Histórica (G70199112)	Desenvolvemento dun programa de actuacións para a recuperación da memoria histórica	1.000,00
3340	48000	Cine Club Serie B (G70610357)	Potenciar unha maior fluidez e colaboración con todo o comercio local	3.000,00
Total xeral				60.500,00

2. Os beneficiarios das subvencións nominativas que figuran relacionados no apartado anterior estarán obrigados a xustificar a inversión da totalidade do importe da transferencia de fondos municipais.

3. Os perceptores de fondos públicos mediante transferencias correntes deberán empregar nos actos, resultados ou manifestacións relacionadas co obxecto da subvención a imaxe institucional do Concello de Narón e, no seu caso, do Padroado de Cultura, aprobada polo Pleno da Corporación.

BASE 49.^a – OUTORGAMENTO DE SUBVENCIONS

O procedemento de outorgamento de subvencións polo Concello deberá axustarase á Ordenanza Xeral de Subvencións e á súa normativa de desenvolvemento.

Nas bases reguladoras específicas e nas resolucións polas que se outorguen subvencións, exencións ou calquera outro tipo de axudas farase mención expresa do límite máximo de gasto, equivalente á consignación orzamentaria dispoñible para financiar a concesión, ou, de xeito individual ou colectivo, a cantidade máxima pola que se outorgan que, no seu conxunto, non poderá superar a antedita consignación.

BASE 50.^a – SUBVENCIONS DE CARÁCTER EXCEPCIONAL

Poderanse conceder de xeito directa subvencións con carácter excepcional, ao amparo do establecido no art. 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, por razóns de sobrevivencias de interese público, social, cultural, deportivo ou económico de carácter relevante, ou calquera outra causa debidamente xustificada, cando existan razóns de urxencia e inaprazabilidade que impidan ou dificulten a súa convocatoria pública e un único beneficiario susceptible de subvención ou, se existe máis dun, poidan recibir prestacións cuantitativa e cualitativamente equivalentes.

O expediente de concesión iniciárase a solicitude dos interesados, á que se achegará unha memoria na que se describan de forma pormenorizada a finalidade da subvención e as circunstancias sobre as que deba sustentarse a súa cualificación como excepcional, e inclúa unha valoración económica e a especificación das fontes de financiamento do obxecto ou da actividade para realizar. Irá acompañada dunha declaración responsable do solicitante de que o importe da subvención, independentemente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutros entes públicos ou privados non supera o custo da actividade a desenvolver.

O responsable da unidade xestora correspondente emitirá un informe proposta no que se acreditarán as razóns de urxencia e inaprazabilidade que xustifiquen a excepcionalidade da concesión á marxe do principio de libre concorrencia e a unicidade do beneficiario ou, no que caso de que exista máis dun, que a distribución da axuda producírase en termos cuantitativa e cualitativamente equivalentes.

A proposta de resolución ou, no seu caso, os convenios a través dos cales se instrumenta a concesión da subvención establecerán as condicións e compromisos que lle sexan de aplicación, e deberán conter, como mínimo, os seguintes extremos:

- Obxecto, actividade ou finalidade para o que se outorga a subvención.
- Condicións que se impoñen aos beneficiarios con motivo da concesión.
- Prazo de execución do obxecto ou actividade subvencionada.

- Prazo e forma de xustificación polo beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se outorgou a subvención e da aplicación dos fondos concedidos.
- Forma e secuencia dos pagos para efectuar con cargo á citada subvención.
- Medidas de garantía en favor do Concello de Narón no caso de abono da subvención previo á xustificación.

No acto de fiscalización previa das propostas de resolución ou dos convenios polos que se outorguen este tipo de subvencións deberase verificar:

1. A existencia da solicitude dos interesados e do informe proposta da unidade xestora.
2. Para a apreciación do carácter de excepcionalidade da subvención, fundamentada no contido de ambos os documentos, a Intervención deberá tomar en consideración os seguintes criterios:
 - a) Considerarase acreditado no caso de inexistencia de normativa específica reguladora do obxecto da subvención e, en especial, cando os obxectivos ou finalidades subvencionables que motiven o outorgamento fosen imprevisibles e revistan tal carácter de urxencia e inaprazabilidade que a execución das actividades necesarias para a consecución non poida demorarse á aprobación da oportuna normativa reguladora.
 - b) Non se considerará acreditado tal extremo nos seguintes supostos:
 - Cando exista normativa reguladora da subvención e incúmprense no expediente determinados requisitos para ser tramitado con cargo á mesma.
 - Cando de forma reiterada veñan concedendo subvencións para o mesmo obxecto ou finalidade aos mesmos beneficiarios.

Sen prexuízo do anterior, na fiscalización dos expedientes relativos ás subvencións outorgadas con carácter excepcional verificaranse os restantes requisitos esixidos con carácter xeral para o resto das subvencións.

É competencia da Alcaldía a aprobación das resolucións e o asinamento dos convenios para a concesión das subvencións de carácter excepcional con suxeición ao procedemento establecido nesta Base. Deberá dar conta ao Pleno da Corporación das subvencións outorgadas na seguinte sesión que se celebre.

BASE 51.^a - DEREITO SUPLETORIO

Para o non previsto na normativa municipal será de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e a normativa que a desenvolve.

CAPITULO 2.º - SUBVENCÍONS DE OUTRAS INSTITUCÍONS EN FAVOR DO CONCELLO

BASE 52.ª – TRAMITACIÓN, ACEPTACIÓN E XUSTIFICACIÓN

Para a tramitación de solicitudes de subvencións diante de outras institución públicas ou calquera outra achega económica en beneficio do Concello estarase ao seguinte procedemento:

1. As solicitudes de subvencións ou propostas de achega a outros organismos ou institucións que se someta á aprobación da Xunta de Goberno Local deberán ir acompañadas dun plan de financiamento con indicación das cantidades correspondentes, no seu caso, á achega do Concello e das aplicacións orzamentarias de procedencia.
2. A aceptación da concesión e o desistimento ou rexeitamento deberá ser aprobados, previa toma de razón e retención de crédito da achega municipal ou iniciación dun expediente de modificación de créditos para a habilitación do necesario, polo Xunta de Goberno Local. A proposta de aceptación deberá ir acompañada dunha copia do documento que acredite a súa concesión, do plan de financiamento definitivo e, no seu caso, da solicitude de iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito por xeración.
3. Os departamento xestor será o responsable do control da execución dos compromisos vinculados e da súa xustificación, e deberán comunicar de xeito inmediato aos Servizo Económicos calquera variación nas condicións da subvención ou achega ou incidencia con repercusión económica que se puidera producir durante a execución do gasto financiado. Á comunicación deberá achegar o plan de financiamento da actuación convenientemente actualizado.
4. Os informes ou certificacións da Intervención Xeral necesarios para a acreditación e xustificación dos gastos realizados, deberán solicitarse cunha antelación mínima de 5 días á data de evacuación. A petición deberá ir acompañada do expediente administrativo completo e dos documentos acreditativos da totalidade dos gastos efectuados para a súa comprobación.
5. Cando as subvencións se destinen ao financiamento de investimentos de capital, os departamentos xestores estarán obrigados a notificar a Intervención Xeral os datos económicos relativos as adxudicacións das obras ou adquisicións obxecto de subvención.



6. O inicio das actividades subvencionadas estará condicionado ao efectivo outorgamento da subvención, agás que se reteña crédito abondo para facer fronte ao importe total da actuación.



TITULO VI - OUTRAS NORMAS DE XESTIÓN

CAPITULO ÚNICO-NORMAS DIVERSAS DE XESTION DOS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE NARÓN E DO SEU PADROADO DE CULTURA

BASE 53.^a - SALDOS DE DUBIDOSO COBRO

O cálculo da provisión dos saldos de dubidoso cobro determinarase, previo informe da Intervención municipal e con carácter previo á aprobación da liquidación do orzamento anual, con suxeición ao que se dispón no artigo 193.bis do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).

BASE 54.^a - MÉTODO CÁLCULO DA AMORTIZACIÓN DO INMOVILIZADO MATERIAL

Adóptase método lineal para o cálculo dos custos de amortización ao longo da vida útil dos bens inventariables.

BASE 55.^a - CONTROL DE FACTURAS E DOCUMENTOS COBRATORIOS DUPLICADOS

Cando, por parte de un departamento xestor de gastos, se tramite unha factura ou documento de cobro duplicado, a Intervención Xeral procederá a súa devolución, indicando a responsabilidade na que incorre o funcionario que autoriza a súa tramitación e dando en todo caso conta á Alcaldía Presidencia para que tome as medidas que considere axeitadas.

BASE 56.^a - ENAXENACIÓN DE EFECTOS DECLARADOS INÚTILES OU RESIDUOS

Os efectos declarados inútiles ou residuos poderán ser enaxenados directamente sen suxeición a poxa cando así o acorde o alcalde e o seu importe non exceda de 600 euros.

BASE 57.^a - INGRESOS RECADADOS EN CONCEPTO DE PAGO POLOS SERVIZOS SOCIAIS

De conformidade co establecido no art. 56.7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, os ingresos que recade o Concello de Narón en concepto de achega das persoas usuarias

para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

BASE 58.^a - APLICACIÓN DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA

1. A aprobación e execución dos Orzamentos estará sometida ao cumprimento dos obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e endebedamento, e dos demais principios establecidos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e será coherente co marco orzamentario aprobado.

2. Antes do quince de marzo de cada ano, a alcaldía, ou órgano con competencia delegada, aprobará os plans orzamentarios a medio prazo no que se enmarcará a elaboración dos orzamentos anuais, dándose conta ao pleno na primeira sesión que se celebre.

3. Simultaneamente coa aprobación dos orzamentos, o Pleno do Concello, a proposta da Intervención Xeral, aprobará un límite de gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que determinará o teito de asignación de recursos no Orzamento.

4. A Tesouraría do Concello e dos seus Organismos Autónomos elaborará anualmente un Plan de Tesouraría que deberá garantir en todo caso o pagamento dos vencementos das débedas financeiras e o cumprimento do período máximo de pagamento que fixa a normativa sobre morosidade. O ritmo de asunción de compromisos de gasto adaptarase á execución do Plan, que se actualizará trimestralmente en función dos cambios nas previsións de ingresos e pagamentos e das dispoñibilidades líquidas existentes nese intre na tesouraría.

A Intervención, previamente á realización do trámite de fiscalización de gastos, poderá solicitar un informe á Tesouraría no que se indique se a evolución do Plan de Tesouraría permite a asunción de novas disposicións de créditos para facer fronte aos novos gastos propostos.

5. En caso de incumprimento dos obxectivos de estabilidade, regra de gasto ou período medio de pagamento, a Alcaldía, previo informe de Intervención de Fondos, poderá acordar a non dispoñibilidade de créditos á que se refire o artigo 33 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril. Unha vez adoptadas medidas que garantan o cumprimento dos obxectivos establecidos, poderá ordenar a súa reposición á situación de dispoñibles. En ambos os dous casos deberá dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

6. Se algún dos Organismos Autónomos dependentes obtivese superávit na liquidación do seu orzamento ou meirandes ingresos sobre os inicialmente previstos, deberá iniciar os trámites necesarios para poñelos a disposición do Concello para que poida aplicalos aos destinos que esixe a lei en relación coa redución do endebedamento.



BASE 59.^a – CONTRATOS ARTÍSTICOS

En cumprimento do establecido na Lei 9/2017 (LCSP), os contratos artísticos son contratos privados realizados pola administración e en canto ao procedemento de adxudicación estarase ao réxime establecido en dita lei (art. 25.1, 26.2 e 118).